



ESCALEIRA
DESIGUAL

A CONDESA REBELDE

GUIÓN

PURI SEIXIDO

SOBRE UNHA IDEA DE

ZAZA CEBALLOS



XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Secretaría Xeral da Igualdade
Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2012
Deseño: Marujas Creativas
D.L.: C 20232012



A
ESCALEIRA
DESIGUAL

GUIÓN

"A CONDESA
REBELDE"

PURI SEIXIDO

SOBRE UNHA IDEA DE

ZAZA CEBALLOS



SECUENCIA 1

TABERNAS. DESPACHO. INT./DÍA

Vemos diversos obxectos persoais de Emilia Pardo Bazán: cadros, flores, abanos, roupa da casa... Soa a música de inicio. Empezan os créditos.

SECUENCIA 2

MADRID. UNIVERSIDADE. CORREDOR. INT./DÍA (FLASHFORWARD)

Un bedel carga uns libros. Tras o montón repara nos pés dunha muller maior que sobe as escaleiras.

BEDEL

Dona Emilia, espere!

Os pés de Emilia camiñan ranqueantes pero imparables. O bedel deixa como pode os libros nunha mesiña e farfalla para si.

BEDEL (CONT)

A ver como llo digo eu agora!

O bedel comeza a subir as escaleiras.

BEDEL (CONT)

Señora Condesa! Señora Condesa!

SECUENCIA 3

A CORUÑA. RÚA S. EXT. /DÍA

BEDEL (OFF)

Dona Emilia! Señora Condesa!

Sobre o off da voz do bedel chamando a dona Emilia, uns pés camiñan a toda présa pola rúa. Aparece...

A CORUÑA. XANEIRO 1884

TÍTULO: EMILIA PARDO BAZÁN, A CONDESA REBELDE

INTERTÍTULO: CORUÑA. XANEIRO 1884



SECUENCIA 4

TABERNAS. SALA 1. INT./DÍA

Dona Amalia borda. Don José está a examinar a correspondencia. Pepe está a ler un xornal, O Imparcial.

PEPE

Máis críticas a *A Tribuna*.

Dona Amalia mira o seu marido sen deixar de bordar. Pepe pasa unha páxina e queda coa vista fixa nun artigo.

DON JOSÉ

Xa pasamos polo mesmo con *A cuestión palpitante*. Non é novo.

PEPE

Desta vez é peor.
Esta novela está a ser un escándalo maiúsculo.

Don José cala por non discutir e segue mirando a correspondencia. Dona Amalia non perde detalle dos xestos dun e doutro, mentres borda. Pepe xa non pode calar máis, fala sen parar.

PEPE (CONT)

E Emilia nin se inmuta.
Teño que ser eu quen defenda a súa honorabilidade...

DON JOSÉ

(Interrompe anoxado) É o teu deber de marido, non?

PEPE

E o seu deber como esposa debía ser non andar causándome problemas.

DON JOSÉ

(Anoxado) Ela non os busca.

PEPE

Nin os evita. A boa sona éo todo nunha cidade coma esta. Con que retirase o libro e pedise desculpas...

Don José, que está a revisar unhas cartas, resiste a tentación de replicar, queda inmóbil. Dona Amalia queda en suspense coa agulla no aire e mira a don José. Finalmente, este replica.

DON JOSÉ

Mira isto, Pepe.
Carta de Clarín, carta de Pereda, carta
de Menéndez Pelayo...
As mellores plumas do país admiran o
traballo da miña filla e ti non podes
facer o mesmo?

PEPE

Estou orgulloso dela, claro que si.
O que me anoxa é que lle dea máis
importancia ao seu traballo
que ao meu bo nome.

Dona Amalia, facendo un esforzo, segue bordando e, con voz queda, diríxese ao seu marido.

DONA AMALIA

Non tiñas que ir visitar os Echeverría,
José?

Don José mira para ela e, obediente, érguese e vai cara á porta.

DON JOSÉ

(Polo baixo) Ha ser o mellor.

Don José sae. Pepe, intranquilo pola discusión, mira a Amalia, que retoma o bordado e non levanta a cabeza do labor.

DONA AMALIA

Hai moito tempo que non facedes unha
viaxe fóra da Coruña.
E conviríavos, Pepe.

PEPE

Teño demasiadas obrigas que debo atender
e pouco tempo para frivolidades.

Pepe mira o reloxo.



PEPE (CONT)

Mira que horas son xa e Emilia sen aparecer. Sabe Deus onde andará.

SECUENCIA 5

A CORUÑA. LIBRARÍA. INT./DÍA

Os pés de Emilia entran na librería. O paraugas fai ruído ao entrar no paraugueiro, como anunciando a súa presenza. Mariana está fronte ao seu pai, plumeiro na man, ollando para el seria, pero sen inmutarse ante o mal humor del.

LIBREIRO. (OFF)

E se foses boa filla, non me habías dar estes desgustos.

MARIANA (OFF)

Xa papá, pero...

LIBREIRO

Déixateme de peros...!

Emilia achégase ao mostrador. Deixa o bolso enriba, facendo algo de ruído. Manolo mira para ela.

LIBREIRO (CONT)

Dona Emilia... Que se lle ofrece hoxe?

O libreiro achégase ao mostrador. A súa filla Mariana queda limpando os libros co plumeiro.

EMILIA

A *Revista de España*, se me fai o favor.

O libreiro saca a revista de debaixo do mostrador.

EMILIA (CONT)

Chegoulle xa o meu último libro?

LIBREIRO

Que libro?

EMILIA

Non se faga o distraído, Manolo, A *Tribuna*. Chegoulle ou non?

Manolo saca uns cantos exemplares de debaixo do mostrador.

LIBREIRO

Chegou, chegou...
(Cun resollo) Vaia xoia!

EMILIA

Non lle gustou?

LIBREIRO

Parece mentira que sexa vostede unha señora de boa familia católica e escriba as cousas que escribe.

EMILIA

(Rindo) Deus santo! Nin que fose un panfleto anarquista.

LIBREIRO

Peor. Que clase de literatura é a que se deleita narrando as miserias da clase obreira?

EMILIA

A única que merece a pena. A que conta a realidade da vida.

LIBREIRO

Unha realidade que non ten unha pinga de valor estético.

EMILIA

Despreza vostede entón a Zola, a Balzac, a Stendhal?

LIBREIRO

A Stendhal aínda lle paso algunhas cousas, pero a Zola non hai por onde collelo.

EMILIA

(Rindo sen querer) Pero que vocación de inquisidor ten vostede...!
Manolo, poña o meu libro ben á vista e venda moitos exemplares.



LIBREIRO

(Enfadado) Seguro que si.
Non hai coma un bo escándalo para vender
moitos libros.

Manolo resolla e vai para a rebotica. Emilia mira a Mariana, que non perde detalle da conversación, pero disimula e faise a distraída.

EMILIA

Xa sei que para anoxar ao teu pai non fai
falta moito, pero a ver, por que che
rifaba?

MARIANA

Xa sabe vostede o que pensa el da
educación das mulleres...
Algo de poesía, piano e santas pascuas.
(Sorrindo, pícara) E vou eu e dígolle que
quero estudar Letras.

EMILIA

(Divertida) Ti o que queres é matalo dun
desgusto! Só de verte co meu libro na man
xa lle pode dar unha volta.

MARIANA

Non se preocupe, que o seu libro xa o lin
ás agochadas.

EMILIA

(Admirada polo espírito de resistencia de
Mariana) E logo liches *A Tribuna*?

MARIANA

Shhhh. (Asente. En voz baixa) E parece
todo tan real...

Emilia sorrí.

MARIANA (OFF) (CONT)

Como sabe vostede tanto da vida das
obreiras?

Sobre o off de Mariana encadeamos con:

SECUENCIA 6

A CORUÑA. ALMACÉN FÁBRICA TABACO. INT./DÍA (FLASHBACK)

INTERTÍTULO: FÁBRICA DE TABACO. A Coruña. (1884)

Sobre o off da secuencia anterior, Emilia (trinta e dous anos, aproximadamente) entra no almacén da fábrica e tenta falar coas obreiras. A encargada amósalle as que están cos nenos ao fondo.

EMILIA

Podería falar hoxe coas mulleres?

ENCARGADA

Fale, ande.

En primeiro termo, a encargada fala con outra obreira que acaba de achegarse.

OBREIRA

Quen é a señorona esa?

ENCARGADA

Disque vai escribir un libro sobre unha obreira da fábrica.

OBREIRA

(Desdeñosa) Debe de estar aburrida de non ter que facer.

ENCARGADA

Estará, estará. Pois máis lle vale volver para a súa casa, porque aquí ninguén lle vai facer caso. Xa me dirás de que vai falar unha rica de Tabernas cunha obreira do Campo da Leña.

SECUENCIA 7

A CORUÑA. ALMACÉN FÁBRICA DE TABACO. INT./DÍA (FLASHBACK)

Emilia está sentada ao fondo do almacén, coa súa filla pequena no colo. Estalle dando o peito. Unha obreira está inclinada ao seu carón, facéndolle un mimo á nena. Outra das obreiras que entran tamén se detén. As dúas sentan onda Emilia, que ri e fala moi animada con elas. Elas tamén se botan a falar.



EMILIA (OFF)

Esas mulleres, Mariana, son de carne e óso. Sofren, gozan, crían os fillos e pasan penurias. Temos máis en común con elas do que nos poida parecer.

SECUENCIA 8

A CORUÑA. LIBRARÍA. INT./DÍA

Mariana está admirada. Emilia mira para ela riseira.

MARIANA

E por iso conta tan ben a realidade da vida da xente.

EMILIA

Na arte non hai valor se non hai verdade.

MARIANA

Abofé que si.

Entra pola porta un neno pequeno, Pablo, irmán de Mariana.

MARIANA (CONT)

Papá! Xa chegou Pabliño!

EMILIA

Ola Pabliño!

O libreiro sae e sorrí ao neno, que se achega á súa irmá.

LIBREIRO

Que...? Aprendiches moito hoxe?
(O neno asente) Moi ben, estou orgulloso de ti...

EMILIA

(Provocadora, pero doce) E de Mariana, que ten tanta gana de estudar Letras, non?

LIBREIRO

Iso non o diga nin de broma.

EMILIA

Manolo, non hai nada malo en ser unha muller ilustrada.

LIBREIRO

Xa. Coma vostede. (Polo baixo) Compadezo o seu marido.

Emilia, que xa estaba saíndo, vírase.

EMILIA

Pois non ten por que. Ben orgullosa de min que está toda a familia.

Manolo, collido *in fraganti*, non contesta. Emilia marcha cara á porta e colle o paraugas do paraugueiro. Cando Emilia sae, o libreiro queda mirando para Pabliño.

LIBREIRO

Mulleres modernas!
Salomé, comparada con elas, era unha malva.

Mariana segue imperturbable, sen darse por aludida a pesar da ollada que lle bota o seu pai.

SECUENCIA 9

TABERNAS. SALA 1. INT./DÍA

Emilia acaba de chegar. Dona Amalia segue bordando.

EMILIA

Ola, mamá. E os nenos?

DONA AMALIA

Coa tía Vicenta.

EMILIA

E Pepe?

DONA AMALIA

Está mudándose para comer... e co ánimo revoltó.

EMILIA

(De broma) Pois mellor volvo marchar...



Dona Amalia mira para ela seria e Emilia deixa a broma, suspira e vai cara a dentro.

SECUENCIA 10

TABERNAS. DORMITORIO. INT./DÍA

Pepe está rematando de vestirse para comer. Entra Emilia. Pepe está moi serio e mira para ela sen parar e sen abrir a boca. Emilia senta diante do tocador para amañarse.

PEPE

Emilia, ese libro estame causando moitos problemas.

Emilia non contesta.

PEPE (CONT)

A xente pensa que é unha indecencia escribir esas cousas.

EMILIA

Seguro que nin sequera o leron, falan de oídas.

PEPE

Xa, pero falar, falan.

Emilia empeza a enfadarse, pero contense e tenta manter o ton lixeiro.

EMILIA

E agora ten que importarnos o que diga a xente?

PEPE

Emilia, pide desculpas polo libro e retírao. Con iso xa se amaña o problema.

EMILIA

Que problema...? Á xente que entende parécelle un libro excelente! Galdós, Giner, Clarín, Pereda... todos o gaban. Ten que importarme máis a opinión dese Ferreiro amigo teu que a de Menéndez Pelayo?

PEPE

(Con sarcasmo) Metéuseche na cabeza ser unha gloria das letras e agora non hai quen te pare.

Emilia mira a Pepe como quen mira un estraño.

EMILIA

E que problema supón que queira ter un oficio?

PEPE

O problema é que o oficio impórtache cada vez máis e a familia impórtache cada vez menos.

Emilia non contesta, sorprendida e desgustada. Pepe quita a chaqueta.

SECUENCIA 11

TABERNAS. SALA 1. INT./DÍA

Vicenta entra na sala e senta. Dona Amalia segue bordando.

VICENTA

Estiveron discutindo outra vez.

Vicenta colle o seu bordado. Amalia mira para ela, pero non di nada. Aparece Emilia.

EMILIA

Comemos axiña?

VICENTA

En media hora.

DONA AMALIA

E Pepe?

EMILIA

Facendo a maleta. Marcha a Ourense visitar a súa nai.

VICENTA

Outra vez?



EMILIA

É o mellor, tía. Non me concentro ben cando se pon de mal humor.

VICENTA

É polas cartas deses que che escriben.

EMILIA

"Esas que me escriben" son as mellores mentes do país, tía Vicenta.

Emilia sae.

VICENTA

Isto vai acabar mal.

DONA AMALIA

Vicenta, non sexas agoireira.

SECUENCIA 12

TABERNAS. DESPACHO. INT./DÍA

Emilia está mirando pola fiestra, xírase e senta. Colle un libro en alemán e concéntrase por completo.

EMILIA

(Con traballo) *Es haben aber an eigner Unsterblichkeit die Götter genug.*
Pero coa propia inmortalidade teñen os deuses suficiente.

Mentres Emilia le entra Don José. Emilia mírao e levanta o libro.

EMILIA (CONT)

Holderlin.

DON JOSÉ

(Asentindo) Lembras aqueles poemas de Heine que traduciras a forza de diccionario e teimosía?

(Emilia asente, sorrindo)

DON JOSÉ (CONT)

E Pepe?

Emilia encóllese de ombros. Don José suspira, desalentado.

DON JOSÉ (CONT)

Non tardes.

Don José sae. Emilia asente e segue coa súa lectura.

SECUENCIA 13

MEIRÁS. XARDÍN. EXT. /DÍA

INTERTÍTULO: MEIRÁS, OUTONO 1885

É outono. Pepe toma café cando chega Emilia, moi alegre, cunha carta na man e un gran sorriso. Os nenos xogan no xardín.

PEPE

Tes todo preparado para a cea cos Constanti?

EMILIA

(Asentindo) Si, claro.

(Entusiasta) Pepe, teño que ir a Madrid.

PEPE

(Poñéndose en tensión) Outra vez?

EMILIA

Giner de los Ríos propúxome para o tribunal dun premio literario que convoca o Ateneo. O Ateneo, Pepe!

PEPE

(Cortándoa) E como ti queres ir a Madrid, aos demais só nos queda consentir e calar.

EMILIA

Non van ser máis ca uns días. Non podo dicir que non.

PEPE

Non queres. E eu xa estou farto de que todos teñamos que adaptarnos ás túas necesidades. Algún día terás que escoller entre ser literata ou esposa e nai.

EMILIA

Estasme dicindo que teño que deixar de escribir?

Os nenos achéganse. Emilia baixa a voz, anoxada. Pepe non responde para que os nenos non capten a discusión.

PEPE

(Aos nenos) Nenos, ide merendar, despois xogamos á pelota, parécervos?

Os nenos marchan xogando. Emilia agarda pola contestación de Pepe. Cando os nenos están lonxe dabondo, Pepe míraa fixamente.

PEPE (CONT)

Eu non che impido que escribas.
Pero iso pódello facer no teu despacho,
sen ter que ir a Madrid para nada.

Semella que Emilia tenta calar, pero non o consegue.

EMILIA

(Furiosa, pero contida) Se por ti fose,
pechábasme na casa e tirabas coa chave.

PEPE

Se vas a Madrid, non hei estar
agardándote cando volvas.

Pepe marcha. Emilia queda sentada, pensativa.

SECUENCIA 14

MEIRÁS. XARDÍN. EXT. /DÍA

En continuidade directa, Emilia baixa as escaleiras do xardín. O seu pai está plantando unha árbore coa axuda de dous peóns (que son os que fan o traballo físico).

EMILIA

É o camelio novo?

Don José mira para Emilia, lendo o desgusto no seu rostro.

DON JOSÉ

Creo que este é o mellor lugar para el.
Protexido polo muro, e con espazo arredor
para que medre forte e robusto.

Don José mira á súa filla, que entendeu a mensaxe. Emilia mira para a carta.

EMILIA

(Moi seria) Giner de los Ríos quere que
estea no tribunal do premio literario do
Ateneo.

DON JOSÉ

(Satisfeito) Nada menos...! Pois se don
Francisco o di, terás que aceptar.

Emilia asente.

DON JOSÉ (CONT)

Pódese saber por que non estás dando
saltos de alegría?

EMILIA

Pepe non quere que vaia.

Don José parece contrariado, pero cala discretamente.

EMILIA (CONT)

Papá, que vou facer? Non podo máis.

Don José semella reprimirse, pero finalmente arranca.

DON JOSÉ

Pepe é moi pouco home para algunhas
 cousas. Non soubo impoñerse cando se
disputou a herdanza do seu pai.
Privouvos aos teus fillos e a ti do que
vos correspondía. E quere impoñerse agora
facendo que vivas... como el prefire.



EMILIA

Eu tamén lle fago os mesmos reproches...
Pero aínda así é un bo home e un bo pai.

DON JOSÉ

Si, ben o sei. E nin ti nin el merecedes
ser infelices.
A vida... a vida é moi curta, Emilia.

Emilia asente.

DON JOSÉ (CONT)

Hai que escoller e asumir as
consecuencias das propias decisións.

Rematan de desatar as pólas da árbore, que se estenden
espléndidas e novas. O pai contempla a árbore.

EMILIA

Vou ir a Madrid.

DON JOSÉ

E despois?

Emilia semella angustiada.

DON JOSÉ (CONT)

En París hai uns xardíns con moitas
árbores coma esta...

EMILIA

O Bois de Boulogne.

DON JOSÉ

París é moi fermoso nesta época do ano,
non che parece?

Emilia sorrí.

ENCADEAMOS CON:

SECUENCIA 15

TABERNAS. SALA 2. INT./DÍA

A CORUÑA. INVERNO. 1885

Don José, a tía Vicenta e dona Amalia están sentados na sala tomando café. Dona Amalia le unha carta.

DONA AMALIA

"Queridos pais e tía Vicenta:
volver a París devolveume a enerxía que
tanto me faltaba ultimamente.
Estou gozando moito desta cidade onde as
mulleres son libres de exercer a
profesión que escollan, profesoras ou
avogadas, matemáticas ou médicos".

VICENTA

Médicos!

AMALIA

"Aprendo...".

VICENTA

... Antes morro ca deixar que me atenda
unha médico!

DONA AMALIA

(Segue lendo) "Aprendo moito,
vou todos os días á Biblioteca Nacional,
estudo os clásicos e participo nos
faladoiros cos autores máis salientables
do momento".

SECUENCIA 16

PARÍS. ASCENSOR. INT./DÍA

Emilia e o seu amigo ruso agardan polo ascensor.

EMILIA

Fáiseme completamente fascinante o
sentido de traxedia da súa novela.
Vostedes os autores rusos describen a
paixón coma ninguén.

RUSO

Describímola ben porque a practicamos
moito.

EMILIA

Non o dubido.



RUSO

Vostede pensa que a novela rusa
ha ter acollida no seu país?

Abre a porta do ascensor. O ruso deixa pasar antes a
Emilia, mentres seguen falando.

EMILIA

Iso garántollo eu. Un español pode
entender perfectamente os arroutos
temperamentais dun Karamazov.

A porta do ascensor péchase. Quedamos co ascensor, que
sobe mentres seguimos escoitando a conversación en off.

RUSO

Non me parece afín a un espírito dunha
Anna Karenina, vostede, tan vital e
pragmática como é.

EMILIA

Certamente. Nada máis lonxe do meu
carácter que esa Anna desaforada e
suicida.

EMILIA (CONT)

A miña cabeza é o mellor de min.
Nunca a poñería nas vías dun tren por
ningún home.

RUSO

Un día ha saber o que é ese amor que fai
tolear a xente.

O ascensor para, pero Emilia e o ruso non saen.

EMILIA (CONT)

(Algo cortada) Estou casada, xa o sabe
vostede.

RUSO

Seino. Pero o seu corazón é libre para
probar todas as emocións da carne e do
espírito.

EMILIA

Hai que ver, Pavlovsky, isto é o que eu chamo unha demostración científica.

O ruso ri e sae do ascensor. Escoitamos a voz de Emilia en off mentres os dous se van afastando.

OFF EMILIA:

"Os saberes da humanidade, en todos os ámbitos, florecen felizmente nesta cidade prodixiosa".

SECUENCIA 17

TABERNAS. SALA 2. INT./DÍA

Dona Amalia segue lendo na postal. Don José e Vicenta escoitan atentos. Vicenta semella escandalizada.

DONA AMALIA (OFF)

"Se París non existira, habería que inventalo (Ri). Vou...".

VICENTA

(Cortando a Amalia) Emilia xa non volve para A Coruña, iso é seguro.

Don José mira para ela de esguello.

VICENTA (CONT)

Queixábase de que aquí cada día abotoaba un botón máis... pero quizais en París os estea desabotoando todos dunha vez.

DONA AMALIA

Vicenta, non esaxeres.

VICENTA

Se xa o di o señor cura... Quen di París, di pecado.

DONA AMALIA

Pois vai rezar por ela, para que non se nos perda.

Vicenta, aínda malhumorada, sae. Don José e Dona Amalia míranse.



DONA AMALIA (CONT)

Pensas que fariamos ben en deixala tan... libre?

DON JOSÉ

Preferirías tela na casa, domesticada e infeliz?

Dona Amalia nega coa cabeza.

DON JOSÉ (CONT)

Coñezo ben a Emilia. Sei que podemos confiar no seu bo xuízo.

DONA AMALIA

Pero ten razón Vicenta. No volverá vivir aquí.

Don José, agarimoso, tranquiliza a Amalia.

DON JOSÉ

Aquí o seu talento non fai carreira, Amalia. E non sería xusto separala do que máis desexa.

SECUENCIA 18

MADRID. ATENEO. ESCALINATA. INT./DÍA

Porta do Ateneo de Madrid. Emilia, cun volume do seu libro *Os Pazos de Ulloa* nas mans, mira a escalinata que está diante dela como unha montaña que escalar. Apreixa o libro contra si, volve colocar o sombreiro e emprende o ascenso.

SECUENCIA 19

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT./DÍA

Faladoiro na sala. Hai oito asistentes, entre eles Gaspar, Tomás, Arturo e Galdós.

GASPAR

Que queren que lles diga, a min a xente nova non me convence.

ARTURO

O señor Camino é un excelente poeta.
E moi amigo de don Francisco Giner.

TOMÁS

E quen o propón como socio?

ARTURO

Cossío, Altamira e eu mesmo.

GASPAR

Ah! Sempre veñen ben novos socios.

GALDÓS

Sobre todo se é xente nova.

ARTURO

Certo. (Burlón, a Tomás) Grazas a Deus,
este Ateneo brilla como un faro de
cultura; aínda non empezou a enferruxarse
como a Real Academia.

Hai sorrisos; a disputa é de bo humor, sen enfado.

TOMÁS

Non sexa vostede malicioso.
Na Real Academia tamén temos xente moza.

TOMÁS (CONT)

Pero é certo que poñer a tres académicos
de acordo para que propoñan un candidato
é moito máis difícil do que un había
pensar. Ás veces, cómpre elixir a quen
non ten méritos... pero tampouco
inimigos.

GASPAR

E non esqueza, Tomás, que as cadeiras de
académico son limitadas.

ARTURO

Pois a ver cando lle ofrecen unha ao
señor Galdós.

GALDÓS

(Sincero) Vese que aínda non teño méritos
abondo, Arturo.



ARTURO

Tenos de sobra.

TOMÁS

Veña, veña, non estabamos falando do ingreso do señor Camino no Ateneo?

Os homes seguen conversando no salón.

GALDÓS

Pois a muller de Camino tamén é unha poeta notable.

GASPAR

Publica?

GALDÓS

En revistas.

TOMÁS

Non quere ela tamén ser socia!
Xa era o que nos faltaba.

ARTURO

Se a señora o merece... Por que non?

TOMÁS

Pois porque os estatutos deste bendito Ateneo o prohiben, grazas a Deus.

ARTURO

Pois xa vai sendo hora de cambialos.

SECUENCIA 20

MADRID. ATENEO. GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

Emilia cruza a galería mirando algún dos retratos, cun suspiro. Un bedel achégase apurado, querendo detela. Varios socios mírana pasar, abraiados.

DOSITEO

Ofréceselle algo á señora?

Emilia mírao fixamente e sorrí.

EMILIA

Un vaso de auga, se fai o favor. Veño desfalecida.

O bedel non reacciona por un instante.

DOSITEO

Pois tráíollo nun santiamén.

E desaparece da nosa vista.

SECUENCIA 21

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT./DÍA

A conversación segue algo máis animada.

GASPAR

Pero, a ver, cabaleiros,
eu non teño nada en contra de que as
mulleres entren no Ateneo...

Tomás e Arturo tamén sorrín.

SECUENCIA 22

MADRID. ATENEO. GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

O bedel volve co vaso de auga, pero Emilia xa non está á vista.

SECUENCIA 23

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT./DÍA

Os compañeiros de faladoiro seguen a broma de Gaspar con sorrisos. Gaspar insiste.

GASPAR

(Sarcástico) Despois de todo, alguén ten
que facer a limpeza!

A graza de Gaspar fai saír un sorriso involuntario entre os compañeiros de faladoiro.



Emilia avanza desde o limiar cara a eles, cun gran sorriso. Tomás vírase, vea e ponse de pé sobresaltado. Os que están de costas xíranse e póñense automaticamente en pé ao ver entrar unha señora.

TOMÁS

Dona Emilia..., que fai vostede aquí?

EMILIA

Non se preocupe don Tomás, que saio decontado.

TOMÁS

Sabe vostede que estas salas son para socios exclusivamente...

EMILIA

(Cortándoo, divertida) Vaia, pois mire que fácil o teñen, déanme un carné de socia, e problema amañado.

TOMÁS

Se alguén se decata de que lle permitiron a entrada...

EMILIA

(Divertida) Non se preocupe, a honra do Ateneo está a salvo. Enganei o bedel. Se lles rifan a vostedes pola miña presenza, digan que entrei en tromba e que non houbo maneira de pararme. Que, para dicir a verdade, é o que pasou.

EMILIA (CONT)

Só viña traerlles un agasallo para a súa biblioteca. O meu último libro, *Os Pazos de Ulloa*.

Emilia deixa na mesa diante deles un exemplar de *Os Pazos de Ulloa*.

EMILIA (CONT)

Ao señor Clarín gustoulle moito. Espero que vostedes tamén o aprecien un pouco.

TOMÁS

Moitas grazas, pero puido mandalo por un recadeiro.

Emilia mira arredor.

EMILIA

Quería coñecer o lugar onde se xuntan os señores intelectuais a conspirar.

GASPAR

Señora, as nosas conspiracións só tratan de cigarros e licor.

EMILIA

Pois se ese é o requisito para ser socia, estou disposta a facer o esforzo.
Ah! E tamén sei contar chistes, se fose mester.

TOMÁS

Dona Emilia, os estatutos do Ateneo prohiben...

EMILIA

(Cortándoo) Xa, xa. Non lles permiten a entrada ás señoras.
(Mirando para Gaspar con intención)
Pero digo eu que se unha boa muller limpa o Ateneo... outras pode haber que lle saquen brillo, non lles parece?

Emilia dá media volta e sae deixándoos coa palabra na boca.

GALDÓS

(Aos demais) A señora Pardo Bazán, supoño.

GASPAR

En toda a súa extensión.

Arturo sae detrás dela.

ARTURO

Alguén debería acompañala ata a porta, por se acaso.



Galdós sorrí pensativo.

SECUENCIA 24

MADRID. ATENEO. GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

Emilia vai camiñando pola galería, con Dositeo, o bedel, que a acompaña á porta.

DOSITEO

Por Deus lle pido que non me volva enganar así, señora, que me pode custar o posto.

EMILIA

Pídoglle desculpas, o que fixen non estivo ben.

Arturo chega onda eles con paso apurado.

ARTURO

Dositeo, eu acompaño a señora. Volva ao seu traballo, grazas.

Dositeo asente e marcha.

ARTURO (CONT)

Dona Emilia, son Arturo Estrada. É un pracer coñecela.

EMILIA

O mesmo digo.

ARTURO

Só lle quería dicir que... admiro moito o seu traballo.

EMILIA

(Divertida)
E canto o admira...?
Máis que o de Palacios, Valera ou Pereda?

ARTURO

Máis que o de Pereda e o de Palacios. Confésoo. Sinto devoción por el.

EMILIA

Agradézolle a franqueza.
E xa postos... podo pedirllle un favor enorme?

Arturo sorrí e asente.

SECUENCIA 25

MADRID. ATENEO. BIBLIOTECA. INT./DÍA

Emilia entra na Biblioteca do Ateneo acompañada por Arturo. Emilia está silenciosa e emocionada, coma se entrase nun lugar sacro. Non hai ninguén. Emilia achégase a un andel. Pasa a man polos lombos dos libros, con devoción. Arturo sorrí entenrecido. Emilia colle un libro sen dicir nada. Ábreo. Senta na cadeira máis próxima. Dositeo abre a porta da Biblioteca e vai avanzar cara a eles, a piques de dicir algo. Arturo veo (Emilia non) e faille un ademán de silencio, co dedo sobre os beizos. Dositeo asente e sae en silencio. Emilia le.

PASO DE TEMPO

Agora hai varios libros enriba da mesa, algúns deles abertos. Vemos tamén o pequeno sombreiro de Emilia sobre a mesa. Arturo mira o seu reloxo.

ARTURO

Dona Emilia, temos que marchar.

Emilia levanta a vista, aínda concentrada no libro, sen reaccionar.

EMILIA

Xa?

Arturo asente. Emilia érguese con pesadume. Colle os libros e vainsos deixar no seu sitio, seguida por Arturo, que a axuda.

EMILIA (CONT)

Non é unha inxustiza que eu non poida vir estudar a esta biblioteca espléndida?



ARTURO

Claro que é.

EMILIA

Ao final, parece que o único que importa é que son unha muller... e, polo tanto, calquera mérito que teña carece de importancia.

ARTURO

Non é doado obter o recoñecemento, calquera que sexa o sexo.

EMILIA

Pero sendo muller non é doado nin aspirar a el. Como se unha muller non puidese ser a mellor en algo.

ARTURO

E vostede non se resigna a iso.

EMILIA

E por que había facelo?
Por que a ambición que nun home é meritória nunha muller é defecto, cando non vicio?

Emilia coloca un libro con enerxía, algo enfadada.

ARTURO

A min non ten que convencerme.
Pero, por desgraza, a maioría das mulleres de mérito renuncian a amosalo.

EMILIA

E por que resignarse?
Por que darse por derrotado sen iniciar a batalla?

ARTURO

Porque doe menos. Porque as derrotas esnaquizan o espírito.

EMILIA

O que esnaquiza o espírito é a rendición, non a derrota.

ARTURO

(Grave) Vostede non pensa renderse?

EMILIA

Nunca (Ri). Así que vaia aconsellando aos seus amigos do Ateneo que lles abran as súas portas ás mulleres. Porque eu vou entrar, aínda que teña que tirar esas portas a patadas.

Arturo mira para ela divertido. Ela ri. Remata de colocar o derradeiro libro e pon o sombreiro.

EMILIA (CONT)

Falo en sentido puramente metafórico.

ARTURO

Pois eu imaxínoa dando patadas á porta do Ateneo con moito vigor.

EMILIA

Que cadro tan comprometido...! (Ri)
Algún día iso ha cambiar. Pero mentres non cambia, xa que non me poden xuntar cos señores intelectuais no Ateneo, vouno facer na miña casa. Calquera luns deste mes están invitados. Conto con vostede?

ARTURO

Será unha honra.

SECUENCIA 26

MADRID. SALÓN EMILIA. INT./DÍA

Emilia le diante de sete persoas que forman un pequeno faladoiro. Le de pé, cunhas cuartillas nas mans (final do capítulo 1 da novela A Nai Natureza).

EMILIA

"Axiña foi útil o asilo.
Un verde paraugas de ramaxe abeiraba os arrimados corpos da parella, gorecéndoos da auga teimuda e furiosa.



E rían de vela caer a distancia e de oír como fustrigaba o cumio do castiñeiro, pero sen tocalos". "Mais xa palidecían as súas tintas espléndidas, e borrábanse as súas liñas brillantes, deixando como un vapor de cores, delicadísimo toque case fundido xa co firmamento, case velado pola fumareda das nubes brancas, que vagaban e se desfacían tamén".

Emilia cala, dando a lectura por rematada e todos aplauden. Emilia vai cara a Arturo, que está acompañado da súa muller.

EMILIA (CONT)

Arturo, alégrome de que viñera.

ARTURO

Dona Emilia, preséntolle a Sofía, a miña esposa.

SOFÍA

É un pracer, señora. Son unha grande admiradora súa.

EMILIA

Encantada.

Ao fondo, a Marquesa da Laguna despídese dunha parella e achégase ao grupo.

MARQUESA DA LAGUNA

Emilia... unha obra excepcional.
A Nai Natureza, di que se vai titular?

EMILIA

Así é, Concepción. Xa se coñecen
vostedes, non?

ARTURO

Señora Marquesa, Arturo Estrada e a miña esposa, Sofía...

MARQUESA DA LAGUNA

Como que somos veciños de palco no Real,
verdade, mozo?

ARTURO

Así é, señora.

MARQUESA DA LAGUNA

(Chistosa) Ronquei moito
na última representación de *Lohengrin*?

Todos rin.

ARTURO

Non llo podería asegurar.
Eu tamén acabei durmindo.

SOFÍA

Como poden vostedes non admirar a beleza
de *Lohengrin*?

EMILIA

Ah! Vexo que teño unha cómplice na miña
admiración por Wagner.

SOFÍA

Así é.

ARTURO

Pois eu creo que na próxima de Wagner vou
quedar na casa.

MARQUESA DA LAGUNA

Non, mozo, ten que ir..., pero leve unha
almofada para durmir mellor. (Ri).

ARTURO

(Riseiro)
Así o hei facer, señora.

SOFÍA

(A Emilia)
E anunciou xa ás súas amizades
que vai dar unhas charlas no Ateneo?

EMILIA

Creo que xa o sabe medio Madrid.

MARQUESA DA LAGUNA

E de que tratan?



EMILIA

A novela rusa. O meu grande amor desde que lín *Crime e Castigo*.
Esa novela conmoveume completamente.

MARQUESA DA LAGUNA

Daquela haberaa que ler... E cando será a primeira conferencia?

EMILIA

Cando regrese da Coruña, despois de visitar aos meus fillos.
Hai dous meses que non os vexo e xa non resisto máis.

SECUENCIA 27

TABERNAS. SALA 1. INT./DÍA

Amalia le a Vicenta un libro de poesía mentres Vicenta borda.

AMALIA

"Tivo o que xace aquí cordura extrema/
para evitar error, dubidou de todo/
a existencia de Deus puxo en problema/
e dubidando vivir, viviu ao seu modo".
Sigo, Vicenta?

VICENTA

No ten nada máis alegre, esta... *Dona Gertrudis*?

Entra Don José.

DON JOSÉ

E Emilia?

VICENTA

Estudando.

DON JOSÉ

Aínda?

VICENTA

Hoxe nin comeu nin merendou.

DONA AMALIA

(Xustificándoa) Está preparando a conferencia do Ateneo.

DONA AMALIA (CONT)

"... Cansada ao fin de caos tan profundo/
fuxiu por esta porta dilixente..."

SECUENCIA 28

TABERNAS. DESPACHO. INT./DÍA

Emilia está coa cabeza inclinada sobre os seus papeis cando entra o seu pai.

EMILIA

Non teño fame, non insistades...

DON JOSÉ

Pois algunha vez terás que comer.

Emilia levanta a cabeza ao escoitar o seu pai.

EMILIA

Ah, es ti.

DON JOSÉ

Desde que chegaches, levas traballando nesas conferencias. Débelas saber de memoria.

EMILIA

É que é o Ateneo, papá. O Ateneo, nada menos. Os mellores cerebros do país han ir escoitarme e teño que estar preparada.

DON JOSÉ

Non me dirás que non o estás xa.

EMILIA

(Suspirando) Supoño que si.

DON JOSÉ

Valo facer ben, non te preocupes.



EMILIA

Iso espero. No Ateneo non admiten erros.

DON JOSÉ

Como debe ser. E ti non vas cometelos.

EMILIA

Por se acaso, déixame darlle un último repaso.

Emilia volve aos seus papeis.

SECUENCIA 29

MADRID. ATENEO. SALÓN DE ACTOS. INT./DÍA

Emilia agarda na entrada do Salón de Actos. Chega cedo. Mira a tarima con respecto. Nótaselle a impaciencia. Tomás achégaselle.

TOMÁS

Querida Emilia, xa chegou por fin. Estou impaciente por escoitar a súa conferencia.

EMILIA

Gústalle a vostede a novela rusa?

TOMÁS

Si, desde logo. E debo dicirlle que segúin con interese as súas traducións sobre...

EMILIA

E xa tratou a Directiva o cambio dos estatutos? Para admitir señoras socias, don Tomás.

TOMÁS

Ah! Iso... Eh...
Si que se tratou, pero de momento non vai ser posible.

EMILIA

Xa. (Sarcástica) Que lento é o progreso!

TOMÁS

Lento e pernicioso.

EMILIA

Dígallo vostede ao que inventou a roda.
Ou a luz de gas. Ou o muíño de...

Desde fóra óese chegar a xente. Tomás mira cara á saída.

TOMÁS

(Zafando) Desculpe, empeza a entrar a
xente e teño que saudar.

Tomás afástase. Emilia queda soa na impresionante sala.
Aparece Galdós, riseiro.

GALDÓS

Non saia vostede correndo coma o outro
día...

EMILIA

Cando foi iso, señor Galdós?

GALDÓS

Cando veu ao Ateneo traer o seu libro,
Os Pazos de Ulloa.

EMILIA

Estaba vostede presente e non me decatei?
En que estaría eu pensando?

GALDÓS

En deixar pasmados os señores do
faladoiro, quizais...

EMILIA

E conseguino?

GALDÓS

Absolutamente.

EMILIA

Celebro sabelo.

GALDÓS

E eu celebro coñecela por fin en persoa,
Emilia.



Galdós mira fixamente para ela e sorrí.

EMILIA

Despois de todas as confidencias que xa nos fixemos por carta...creo que nos coñecemos tan ben como se almorzásemos xuntos todos os días.

GALDÓS

Pois é o que nos falta, almorzar xuntos.

EMILIA

Churros ou biscoitos?

GALDÓS

O que vostede queira ofreceme hame vir ben.

Emilia e Galdós quedan mirando o un para o outro.

EMILIA

Teño que entrar.

Emilia segue mirando a Galdós. El ponlle o brazo para que se apoie nel ao entrar.

GALDÓS

Permíteme?

EMILIA

Grazas, pero creo que podo camiñar sen apoio.

GALDÓS

(Cun sorriso pícaro)
Non me cabe a menor dúbida.

Emilia mírao fixamente e cólleo do brazo. Camiñan xuntos cara á tarima. Vemos a man de Emilia apreixando con firmeza o brazo de Galdós e a outra man deste apoiándose sobre a de Emilia.

SECUENCIA 30

MADRID. PISO DE EMILIA. INT./DÍA

Emilia contempla unha foto dela e de Galdós xuntos, na rúa, coas mans entrelazadas, a típica pose de dous namorados. Despois de observala por un instante, Emilia garda amorosamente a foto entre as páxinas dun libro.

SECUENCIA 31

MADRID. ATENEO. GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

Gaspar crúzase con Tomás, que vai moi apurado.

GASPAR

Tranquilo, acougue Tomás. Que lle pasa?
Quen o persegue?

TOMÁS

A Pardo Bazán.

GASPAR

Ah! Que quere agora?

TOMÁS

Entregarme unha lista de actividades que considera de interese e unha lista cunha serie de conferencias que quere impartir.

GASPAR

(Rindo)
Pois si que ten narices a señora, si...

TOMÁS

Narices e éxito nas súas pretensións.
(Baixando aínda máis a voz)
Xa son máis de trinta os socios que apoian o cambio de regulamento para admitir mulleres no Ateneo.
E socios importantes, con influencias.

GASPAR

Si, si, si, xa o imaxino. Arturo, Cossío, Agustí, Galdós...

Tomás asente.



TOMÁS

Non entendo o de Galdós, co serio que é... que lle colleu unha simpatía a dona Emilia que hai que ver para crer...

GASPAR

Pero Tomás, que simpatía nin que gaitas...!
(Baixando a voz) Que andan enleados!

TOMÁS

(Completamente sorprendido) Que me di vostede?

GASPAR

Dígolle que Galdós cada día é máis curto de vista, porque senón non se explica.

TOMÁS

Vaites, o desa muller non ten nome!

GASPAR

Si, si que o ten, don Tomás.
Pero vostede e mais eu somos cabaleiros de máis para dicilo en voz alta.

SECUENCIA 32

MADRID. PISO RÚA DA PALMA. INT./DÍA

Emilia está lendo de pé ao carón da cama algo en voz alta. Galdós, xusto detrás dela, comeza a espila, desabrochándolle o xustillo. Forcexa cos corchetes.

EMILIA

"Como lavar a culpa dunha debilidade moral?".

Galdós esfórzase co xustillo.

EMILIA (CONT)

Ai, meu miquiño, es moi mañoso coas palabras, pero cos xustillos...

Galdós ri e bícaa nun ombreiro.

GALDÓS

Perdón, pero é que as mulleres vestides
coma se forades á guerra, blindadas de
arriba abaixo.

EMILIA

É para dificultar a caída da virtude.
Que por ser mulleres non estamos libres
de desexos e impulsos pecaminosos.

GALDÓS

Iso espero.

Emilia érguese, intranquila, e afástase de Galdós.

EMILIA

Despois, cando vou confesar, pásoas
cardinas. Xa me vexo cun pé no inferno.

GALDÓS

(Irónico) Deus perdóao todo, muller.

EMILIA

Se hai propósito de emenda. E a min
dúrame tan pouco...

Galdós vai onda Emilia e continúa desabrochándoa.

GALDÓS

(Para animala) Sabes o que lle oín dicir
o outro día ao señor Maura? Que es o
talento máis xenuíno das letras
hispánicas.

EMILIA

Así que dixo iso?

Galdós asente.

GALDÓS

E Romanones fala de ti con reverencia.
Tes moi boas relacións nas altas
esferas... a Marquesa da Laguna, a
Condesa de Esquilache..



EMILIA

É que o chocolate que se serve no meu salón é o mellor de Madrid.
Como que o traio da Coruña ex profeso.

GALDÓS

(Ri) Si, ha ser o chocolate...
Ou será que che gusta arrodearte de condesas, duquesas e ministros.

EMILIA

Son eles os que me buscan.

GALDÓS

Pois non sei como vou competir con tan distinguidos admiradores.

Emilia sorrí, sen poder evitalo. Galdós consegue soltar a saia de Emilia, que cae polo seu corpo. Emilia empúrrea cara a abaixo, e afástaa un pouco. El senta e mira para ela.

EMILIA

E ti? Tamén me admiras, ratiño?

GALDÓS

Unha barbaridade.

Emilia senta no seu colo e rodéalle o pescozo cos brazos.

EMILIA

Ai! Que sorte teño de que esteas miope perdido...!

El deixa o puro. Quedamos con eles bicándose.

SECUENCIA 33

MADRID. CAFÉ MADRID. INT. /NOITE

No pequeno escenario toca un cuartetito. Varias parellas toman algo nas mesas mentres escoitan a música. Outras falan. Outras van entrando e sentan. Os camareiros serven as mesas. Emilia e Arturo no café. Emilia ve a un coñecido.

EMILIA

Ah! Aí está o Marqués da Laguna. Desculpe Arturo, vou saudar. Que tal, señor Marqués? Si? Pois non sabe canto me alegre.

Emilia distánciase. Un par de homes que acaban de entrar detrás de Arturo falan mentres miran a Emilia.

HOME 1

Esa non é a Pardo Bazán?

HOME 2

A mesma. Disque pola súa cama pasan máis homes que polo cuartel de Atocha...

Rin. Arturo xírase e encárase con eles.

ARTURO

Como se atreve vostede?

HOME 2

E a vostede que mosca lle picou?

ARTURO

Non lle consinto que fale nese ton da señora Pardo Bazán. Retire agora mesmo o seu insulto.

HOME 2

Non é un insulto, é a verdade.
E todo Madrid coñece a sona desa...
señora...

Arturo mírao fixamente.

SECUENCIA 34

MADRID. ATENEO. DESPACHO. INT./DÍA

Tomás está lendo un libro. Arturo entra no despacho e plántase diante del.

ARTURO

Tomás, téñolle que pedir un favor.



TOMÁS

Con moito gusto.

ARTURO

Necesito que sexa vostede o meu padriño.

TOMÁS

Mmm... Tivo vostede un fillo?

ARTURO

Non home non, padriño de bautizo non.
Padriño de duelo.

Tomás queda estupefacto.

TOMÁS

Arturo, por Deus!

ARTURO

Fágame ese favor, Tomás.

TOMÁS

É que tolero moi mal a vista do sangue.
Ademais, que había de dicir a xente se me
prestase a semellante cousa?

ARTURO

Xa sei que é unha tradición bárbara, pero
non me queda máis remedio.
Pense en que alta estima teño a súa
discreción para pedirullo.

Tomás resolla, resignado.

ARTURO (CONT)

Por certo, dixéronme que o seu sobriño
está moi contento no rexemento do meu
tío, o Conde de Medina.

Tomás acusa a indirecta, pero asente.

TOMÁS

Podo saber polo menos o motivo da
disputa?

ARTURO

A honra de dona Emilia.

TOMÁS

Ah.

ARTURO

Fálase con maledicencia das súas relacións persoais.

TOMÁS

E con quen a relacionan?

ARTURO

No se deron nomes, pero iso é o de menos.

TOMÁS

E se fosen certas as indiscrecións que se lle atribúen?

ARTURO

O que a señora faga ou deixe de facer é cousa súa e non debe andar en boca de ninguén. Conto con vostede ou non?

TOMÁS

Que remedio!

SECUENCIA 35

MADRID. DESPACHO EMILIA. INT./DÍA

Emilia espertou cedo e, aínda en bata, está sentada cun libro na man. Entra a tía Vicenta.

VICENTA

Ai, outra vez botaches a noite en vela.
Estás preocupada por Arturo?

EMILIA

(Perdida) Por Arturo? Que lle pasa a Arturo, tía?

Vicenta comprende que meteu a pata. Fai un xesto de ser pillada e dá a volta para marchar.

VICENTA

Nada.



EMILIA

Tía, non ande con segredos que despois
cando o saiba vai ser peor.

A tía Vicenta mira para ela, culpable.

SECUENCIA 36

MADRID. BOSQUE. EXT. /DÍA

Arturo e o home 2 collen dun estoxo dúas pistolas para
baterse en duelo. Unha carruaxe irrompe no lugar. Emilia
sae moi abrigada. Don Tomás queda de pedra ao ver a
Emilia achegarse.

ARTURO

Dona Emilia! Que fai vostede aquí?
(Alarmado) Non viría soa...

EMILIA

(Ignorándoo) Arturo, que tolemia é esta?
(a Tomás) E vostede... debíalle dar
vergoña.

Tomás baixa a cabeza, compunxido.

ARTURO

(Incómodo) Defendo a súa honra, señora.

EMILIA

A miña honra mídese polo que fago, non
polo que me fan.

Emilia encárase co outro duelista.

EMILIA (CONT)

Cabaleiro, de verdade puxo a miña honra
en interdito?

O home, desexoso de rematar, contesta, nervioso.

HOME 2

Foi unha broma sen malicia, señora...

EMILIA

Entón pídeme vostede desculpas?

O home inclínase respectuoso ante ela.

HOME 2

Desde o máis profundo do meu corazón.

EMILIA

Desculpas aceptadas. E asunto rematado a plena satisfacción de ambas as dúas partes. Ala, Arturo, andando, que se me van conxelar as orellas.

ARTURO

Non se enfade, dona Emilia...

EMILIA

(Encarándose con el) Se en troques de perder tantas enerxías defendendo a honra nos ocupásemos máis do verdadeiro progreso, outro galo nos cantarían. Sofía sabe deste esperpento?

ARTURO

(Alarmado) Non, non! E... non lle diga vostede nada, por favor.

Arturo semella agoniado.

EMILIA

(Máis suave) A próxima vez que alguén ofenda a miña honra diante de vostede, diga o que di a miña tía Vicenta: "Patadas de burro non chegan ao ceo".

Emilia marcha, seguida de Arturo.

SECUENCIA 37

MADRID. PISO RÚA DA PALMA. INT./DÍA

Emilia e Benito están na cama, ambos os dous a medio vestir.

EMILIA

Son unha hipócrita!

Galdós ri ante o dramatismo teatral dela.



GALDÓS

Veña muller, é que nos toca selo.
Os xustillos que pon a moral fanse
estreitos de máis para a saúde do
espírito.

EMILIA

E o pobre Arturo defendendo a miña honra..
A estas horas, medio Madrid debe coñecer
o incidente.

Galdós ponse serio.

GALDÓS

Non podemos seguir véndonos en público,
Emilia.

Emilia acusa as palabras de Benito.

EMILIA

Non, claro.

GALDÓS

Polo menos en Madrid.

Emilia pensa só un momento.

EMILIA

E en París? Encargáronme unha serie de
artigos sobre París para varias revistas
e teño que ir este mes.

GALDÓS

Laméntoo, pero desta vez non podo
acompañarte.

Emilia queda pensativa.

EMILIA

A Exposición de Barcelona está para ser e
estou convidada á inauguración.

GALDÓS

Que casualidade. Eu tamén.

Os dous rin.

EMILIA

Contento?

GALDÓS

E ti?

EMILIA

Eu máis.

Bícanse.

GALDÓS

(Conmovido) Que rara es. Como as pedras
preciosas.

PASO DE TEMPO

SECUENCIA 38

MADRID. SALÓN EMILIA. INT./DÍA

Emilia e Arturo entran e sentan.

ARTURO

Canto tempo! Onde se mete vostede, que é
imposible vela por ningures?
Nin no teatro, nin no Real...

EMILIA

Pechada na casa e traballando.
Estou escribindo un artigo sobre a
educación feminina.
Por inspiración de Giner.

ARTURO

É raro que sexan vostedes tan amigos
sendo tan distintos. Vostede tan católica
e el tan laico, vostede tan da orde e el
separado da súa cátedra polas
autoridades.

EMILIA

Eu non vexo a rareza.
Giner é un intelectual íntegro, honrado a
carta cabal.



(Ri) Tan honrado que nin con todo o cariño que nos temos deixa de criticarme cando o estima oportuno.

ARTURO

Nunca vén mal ter alguén que nos diga as verdades.

EMILIA

Pois eu diso vou sobrada, que entre vostede e a miña tía Vicenta non me pasan unha. Pero Giner leva a palma.
Di que non teño fe, que todo en min é emoción estética e gusto intelectual.
Que son va, vaia.

Emilia queda tan ancha. Arturo mira para ela.

ARTURO

E vostede que lle responde?

EMILIA

Pois que se engana.
Que son seria e consecuente, que escribo o que penso sen buscar contentar a ninguén.

Emilia parece tomar aire.

EMILIA (CONT)

Eu quero descubrir mundos.
E sondar conciencias. Importar ideas!

Arturo obsérvaa con admiración.

ARTURO

Pouco ambiciosa é vostede!
Así non sei como se vai amañar para facer amigos e conseguir os seus obxectivos no Ateneo.

EMILIA

Segue sen haber novidades no cambio de regulamento, non?

Arturo asente.

EMILIA (CONT)

Non importa. A poder de teimar, todo se logra.

Arturo entrégalle un libro envolto en papel.

ARTURO

Don Gaspar pediume que lle entregase isto. O seu último libro. *A mansión de don Lucio*. Don Tomás recoméndalle que o lea... con xenerosidade. Gaspar é un aliado potencial no asunto do Ateneo.

EMILIA

E desde cando se preocupa don Tomás por min e polas miñas metas?

ARTURO

No é tan fero o león como o pintan.

SECUENCIA 39

MADRID. RAE. ENTRADA. EXT. /DÍA RAE.

INTERTÍTULO: MADRID, 1887

Tomás conversa con outro académico, non moi vello, ambos os dous vestidos con levita.

TOMÁS

Moi atinados os seus comentarios sobre o acento da preposición "a".

ACADÉMICO

Por fin chegamos a un acordo. Peores foron as discusións sobre "revista" ou "semanario". Duraron tempo de máis.

TOMÁS

Seguramente a entrada de certos escritores había vir moi ben para axilizar algúns traballos.

ACADÉMICO

Esa guerra está perdida.
A candidatura de Galdós non vai prosperar, iso xa llo anticipo.

TOMÁS

Decepcióname a estreitura de miras
dalgúns colegas.

ACADÉMICO

Paciencia. Xa chegará o seu momento, e
non ha tardar moito.

SECUENCIA 40

MADRID. PISO RÚA DA PALMA. INT./DÍA

Emilia e Benito están sentados na cama, xogando ás
cartas, á escoba. Emilia reparte as cartas.

EMILIA

Non teñas présa por ser académico.
Algúns membros son xa moi vellos e axiña
habará vacantes.

Benito tira unha carta.

EMILIA (CONT)

Entón os teus méritos serán
indiscutibles. Por que haberían de dicir
que non? Á fin e ao cabo, non es muller.

Galdós, que sabe que o tema é espiñoso, non contesta.

GALDÓS

Tócache.

Emilia mira as súas cartas e tira.

EMILIA

Xa sei que prometín non falar máis do
tema, pero non me entendas mal,
non xulgo só a Academia, xulgo a toda a
sociedade.

Emilia reméxese, con certo nerviosismo.

EMILIA (CONT)

Sei de sobra que moitos pensan que estou tola por querer vivir da miña profesión, gañar cartos e ser independente...

Emilia mira fixamente a Galdós, que a admira e escoita comprensivo.

EMILIA (CONT)

Porque neste país as mulleres, ou raíñas ou estanqueiras e, no medio, nada.

Galdós recolle porque Emilia se despistou.

GALDÓS

Escoba!

Emilia non reacciona. Benito tira de novo.

GALDÓS (CONT)

(Con voz calmada) E como vai a túa novela?

EMILIA

Estouna rematando. Ao final, voulle deixar o título. Era *Insolación* e vai quedar como *Insolación*.

GALDÓS

E acaba ben, claro, con matrimonio católico e todo iso.

EMILIA

Que tes en contra dos finais felices?

GALDÓS

Nada, agás que teñen moi pouco que ver coa vida. Na vida as historias case nunca teñen un final... redondo e venturoso. Queres botar?

Emilia, irritada, tira unha carta e recolle.

EMILIA

Porque os homes o estragades todo?

Galdós mira para ela con curiosidade.



GALDÓS

Iso é un reproche?

EMILIA

(Mentindo) Non.

(Silencio) E os ensaios de *Realidade*?

Tamén van ben?

Benito tira.

GALDÓS

Non me queixo.

EMILIA

A actriz principal, a tal Comcha... din
que é moi guapa. Escoba (Irritada)

Galdós non di nada. Emilia tira, recolle e reparte de
novo.

EMILIA (CONT)

Por que non pode haber finais felices na
vida como nas novelas?

Benito tira a súa carta e recolle.

GALDÓS

Pois porque o final sempre é a morte,
corazón. Claro que, como ti pensas ir ao
ceo, por iso cres que a vida ten un final
feliz.

EMILIA

Penso ir ao ceo e penso verte alí.

GALDÓS

(Rindo) A ti e a min San Pedro vains dar
coa porta nos fociños, por pecadores.

EMILIA

Diso nada. Eu entro no ceo seguro.

Emilia tira de novo.

GALDÓS

(Divertido) Non consigues entrar no
Ateneo... e vas entrar no ceo? Eh?

Benito tira e recolle. Emilia mira as súas cartas, escolle unha e tira.

EMILIA

Non me fales do Ateneo.
Son boa dabondo para dar conferencias,
pero non para ser socia.

GALDÓS

Mellor para ti. Dez pesetas ao mes que aforras.

EMILIA

Non te burles. Debo de conformarme con
que se me negue calquera cousa que mereza
por xustiza só porque levo saias?

Benito tira a súa carta e recolle.

GALDÓS

Claro que non. Pero os señores do Ateneo
non son precisamente xenerosos.

EMILIA

Eu non pido favores. Nin quero gañar nada
que non mereza.

GALDÓS

Por min, de acordo. (Burlón)
Pero non sei se te decataches de que xa
volviches perder.

Emilia, finxindo estar amolada, tíralle a carta que lle queda a Galdós.

GALDÓS (CONT)

Non te esquezas de min mentres estás na
Coruña.

EMILIA

E ti cóidate. E durme ben. E come.
E non fumes tanto. Se non te coidas,
heino saber.

GALDÓS

Tes un espía na miña casa?



EMILIA

Si, o teu loro sempre me conta todo o que fas.

GALDÓS

(Ri) Pois voulle ter que retorcer o pescozo para que non che conte as miñas indiscrecións.

EMILIA

(Suspira, seria) Esas vounas saber de todas as maneiras, corazón. Madrid está cheo de rexoubeiros.

Emilia recóstase sobre el e bícao.

SECUENCIA 41

A CORUÑA. LIBRARÍA. INT./DÍA

Emilia bótalle unha ollada a un libro. O libreiro entra desde a rebotica. Ao ver a Emilia, fai amago de saír por onde entrara, pero ela decátase.

EMILIA (CONT)

Bos días, Manolo.

LIBREIRO

(Seco) Encárgolle a *Revue des Lettres*?

EMILIA

Si, grazas.

LIBREIRO

(Con mala intención)
Apúntolla na súa conta ou na do seu señor esposo?

EMILIA

(Tamén con intención)
Na miña, Manolo, na miña. E Mariana?

O libreiro mira para ela con cara de mal humor.

LIBREIRO

Que lle quere a Mariana?

EMILIA

Nada, home, preguntaba por cortesía...

LIBREIRO

(Cortándoa) Ofréceselle algo máis?
Porque teño máis cousas que facer que
estar de leria... con sabias.

Emilia, atónita, ve como Manolo desaparece na rebotica.

EMILIA

(En voz alta, enfadada) É vostede un
rosmón! A próxima vez, heille facer os
encargos por telegrama!

Emilia marcha, enfadada e enérxica.

SECUENCIA 42

TABERNAS. SALA. INT./DÍA

Emilia entra e lanza o sombreiro sobre o sofá onde don
José le un libro.

EMILIA (CONT)

Manolo Abral aínda está de peor xenio do
que adoita estar!

Inclínase e bica a don José e senta a carón do seu pai.

DON JOSÉ

É pola súa filla. Está vivindo en Madrid
na casa das tías porque estuda na
Universidade. Manolo acabou dándolle o
permiso, pero non levanta a cabeza da
vergoña.

EMILIA

E logo avergóñase de que Mariana estude?
Se chega a querer ser actriz, pégase un
tiro.

DON JOSÉ

(Rindo) E outro a ti por darlle ideas á
rapaza.

Emilia bícalle a man ao pai.



EMILIA

Estás mellor?

DON JOSÉ

Si, moito mellor.

EMILIA

E das paseos como che mandou o médico?

DON JOSÉ

Si. E atópome moitas veces co señor Murguía. El fai o mesmo percorrido ca min polo Cantón, só que vai sempre a toda présa, como se lle prendesen lume nos faldróns da chaqueta.

Emilia ri.

EMILIA

Será que foxe de ti.
Xa sabes que non me ten ningunha simpatía.

DON JOSÉ

A mesma que ti a el.

EMILIA

Por parvo. Non se lle ocorreu nada mellor que dicir que por moito que saiba, como muller que son, sei de maneira imperfecta.

DON JOSÉ

Que ousado! E aínda vive para contalo?

Rin. Emilia dálle un bico na man.

SECUENCIA 43

TABERNAS. DORMITORIO. INT./DÍA

Sobre a cama hai unhas pezas de lencería. Vicenta está observando.

VICENTA

Jaime xa vai feito un homiño. E coida moi ben das súas irmás.

EMILIA

E mamá e ti coidades moi ben dos tres.
Teño moita sorte de que me axudedes tanto a criar os nenos.

Vicenta mira a lencería con atención.

VICENTA

As casas con nenos sempre son máis alegres, esa é a verdade.

Vicenta descobre unha das pezas de lencería, medio agochada debaixo das outras.

VICENTA (CONT)

(Irónica) Moi bonito e moi fino.

Emilia sorpréndese polo comentario.

EMILIA

Tróuxeno de París.

VICENTA

Mentres non traías máis que ligas...

Emilia detense de súpeto e mira a súa tía, por se a frase ía con segundas. Vicenta vai cara á porta, pero dá a volta e vai cara Emilia.

VICENTA (CONT)

Ti pensas que non me decato de nada, pero si que me decato.

Emilia queda atónita. Sacode a cabeza, facéndose a desentendida. Vicenta suspira e sae.



SECUENCIA 44

TABERNAS. SALA 1. INT. /NOITE

PASO DE TEMPO

Emilia está escribindo. O seu pai está sentado no sofá ao seu carón.

DON JOSÉ

Emilia, imos cear.

EMILIA

Xa estou acabando.

Don José míraa escéptico.

DON JOSÉ

Que é? A pedra angular?

Emilia asente. Mira para el.

EMILIA

Queres que che lea o final?

Don José asente e Emilia comeza a ler.

EMILIA (CONT)

"Todo verdugo é necesariamente un caso, unha anomalía regresiva, unha monstruosidade psicolóxica...".

PASO DE TEMPO

Dona Amalia asoma a cabeza e ve a Emilia lendo e o seu pai asentindo. Dona Amalia sorrí e afástase silenciosamente.

EMILIA

"... E capaz aínda, por ter visto pasar unha moza modesta, atada e entre civís... de poñerme totalmente en ridículo. O reverbero apenas lucía. As camas estaban por facer, en desorde, e non se vía a ninguén na estancia. Ata que dun recuncho sombrío saíu vermello, apresurado, ofrecendo cadeira. E tatexando de contento ao ver o doutor:

-Xa cría que non viña nunca máis, don Pelayo! -Non adoito faltar á miña palabra, exclamou Moragas".

SECUENCIA 45

MADRID. DESPACHO EMILIA. INT./DÍA

Emilia acaba de ler un libro. Péchao con aire de estar amolada. Descubrimos a Arturo ao seu lado. Emilia recóstase na súa cadeira, con fatiga.

EMILIA (CONT)

Ah! Que cousa máis árida e insoportable! Don Gaspar escribiu o peor libro que lin desde hai moito tempo.

ARTURO

Pois non llo diga.
Se lle pregunta, dígalle que aínda non o leu.

EMILIA

(Molesta) Eu non sei mentir.

ARTURO

(Rindo) Si que sabe.

EMILIA

E por que había facelo?
Acaso teñen consideración comigo cando non lles gusta algunha das obras que eu escribo?

ARTURO

É mellor ter a Gaspar do seu lado que non en contra.

EMILIA

Direi que perdín o libro. E que non puiden lelo. E conste que o fago por caridade e non por interese.

Arturo sorrí.



SECUENCIA 46

MADRID. ATENEO. GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

Gaspar ve a Arturo agardando por alguén e achégase.

GASPAR

Arturo! Arturo, bos días.

ARTURO

Bos días.

GASPAR

Perdoe que o moleste, pero... como vostede ten tanto trato coa Pardo Bazán, quería preguntarlle se sabe se xa leu o meu libro.

ARTURO

O seu libro... Ah, vaites, que fatalidade, xa me acordo. Resulta que ao ir para Coruña extravióuselle na equipaxe e non puido lelo.

Gaspar semella decepcionado.

GASPAR

Pero... e por que non me enviou un recado?

ARTURO

Estivo moi ocupada ultimamente cos seus artigos.

GASPAR

Xa... Vaia, pois logo heille facer chegar outro exemplar. E xa volveu?

Para escapar da situación, Arturo mira a un lado facendo como que ve a alguén coñecido.

ARTURO

Si, si, creo que si. Eh... Se me desculpa, teño que saudar.

GASPAR

Si, claro.

Arturo vai cara ao home. Gaspar, tranquilo, queda mirando para el.

SECUENCIA 47

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT./DÍA

Arturo está sentado no salón, falando con Gaspar e Tomás.

TOMÁS

Que, estará contenta a Pardo Bazán?

ARTURO

Contenta por que?

GASPAR

Non viu a convocatoria?

Dentro de dous meses, a Xunta Xeral vai votar a admisión de señoras como socias do Ateneo.

ARTURO

En serio? Vaia, que alegría lle van dar.

GASPAR

Tranquilidade, que se vote non quere dicir que saia aprobada a moción.

ARTURO

Pero hai posibilidades. Coñezo moitos socios que votarán a favor.

GASPAR

(Con intención) E moitos poderían votar en contra.

ARTURO

Esperemos que se aprobe a moción.
Pense cantas novas cotas pode supoñer a entrada de señoras, Tomás.
A dez pesetas ao mes...

Tomás acusa a información.



GASPAR

(Contundente) Non sei que dicirlles.
Vir aquí e saber que a miña señora esposa
non vai aparecer de súpeto pedíndome
cartos para novas tapicerías tamén vale
moito.

ARTURO

Dubido moito que a súa esposa queira ser
socia do Ateneo, don Gaspar.

GASPAR

Deus o escoite, Arturo. Deus o escoite.

SECUENCIA 48

MADRID. CAFÉ. INT./DÍA

Emilia está tomando o chocolate con Arturo. O seu rostro
reflicte alegría.

EMILIA

Se xa digo eu que ata as batallas que
semellan perdidas se poden gañar cando un
menos o espera.

ARTURO

É mellor ser prudentes. Ata que se vote
en asemblea, non se pode dicir nada.

EMILIA

Non, ten vostede razón. Pero é un grande
avance. O Ateneo é a institución cultural
máis importante do país, Arturo.

ARTURO

Esquece vostede a Real Academia.

EMILIA

A Real Academia...? Non creo que cambie
mentres eu siga viva. Xa viu vostede o
escándalo que se armou cando pedín que se
propuxese a Concha Arenal para a Academia
de Ciencias Morais e Políticas.

ARTURO

En realidade, propúxose a vostede mesma.

EMILIA

Si. Propúxenme e heime propoñer como candidata perpetua. Pero non son inxenua. Sei que teño poucas posibilidades.

ARTURO

Daquela vaise resignar?

EMILIA

O día que me metan baixo terra será o día que eu me resigne. Quero ser académica, quero ser socia do Ateneo, quero ser profesora universitaria...

ARTURO

E ministra non?

EMILIA

Ai, non, quite. A política é o oficio dos inútiles. Así vai o país...

ARTURO

Pois ten vostede moitos amigos nese oficio...

Entra Gaspar. Emilia fai un xesto de pánico. Intenta agochar a cabeza, pero Gaspar xa a viu.

GASPAR

Dona Emilia, bos ollos a vexan. Pasou boas vacacións na súa terra?

EMILIA

Estupendas.

GASPAR

Xa lle enviei outro exemplar do meu libro.

Emilia asente, ríxida. Está bastante apurada.

GASPAR (CONT)

En que revista pensa publicar a recensión?



EMILIA

Pois... está por ver.

GASPAR

Ah! Mándeme recado cando o saiba,
parécelle?

Ela asente. Gaspar saúda e marcha. Emilia mira para Arturo, amolada.

EMILIA

Mire que papeleta. E que fago agora?

ARTURO

O que poida para non amolalo.
Xa sabe que don Gaspar arrastra canda el
moitos votos no Ateneo.

Emilia, pensativa, mira marchar a Gaspar.

SECUENCIA 49

MADRID. PISO RÚA DA PALMA. INT./DÍA

Emilia está sentada na cama. Leva posto un camisón de encaixe (un dos que vimos na secuencia "Dormitorio na Coruña").

OFF EMILIA:

"Ratiño: teño novas que contarche.
Ven logo, ven, que me fas falta.
Non me queiras mal, que te quero moito".

Mira o reloxo. Emilia non sabe que facer. Agarda. Pasan un pequeno sobre por debaixo da porta. Emilia cólleo e leo. O seu rostro amosa unha gran decepción e tristura.

OFF EMILIA: (CONT)

"Amadísima: hoxe tiveron que vir ao teatro
a primeira hora e xa non me podo mover de
aquí en toda a tarde".

OFF EMILIA: (CONT)

"Non me é posible evitalo".

FUNDE CON

SECUENCIA 50

MADRID. DESPACHO. INT./DÍA

Emilia entra, aínda triste, e ve un paquete sobre a mesa. Ábreo. É o libro de Gaspar. Emilia déixao caer na mesa, con fastío.

SECUENCIA 51

MADRID. PISO RÚA DA PALMA. INT./DÍA

Galdós está sentado lendo na cadeira de brazos. Emilia entra.

GALDÓS

Chegas tarde.

EMILIA

Polo menos chego.
Porque ti ultimamente, entre o teatro e os teus libros...

GALDÓS

Lamento a miña ausencia do outro día.
Os ensaios... acaban téndome moi enredado.

EMILIA

Os ensaios ou as actrices?

GALDÓS

Non creo que poidas reprocharme nada, precisamente ti.

EMILIA

(Avergoñada) Non empecemos.

GALDÓS

Non, se queres que falemos de deslices, falemos. Pódesme contar outra vez ese fermoso paseo que deches con Lázaro Galdiano o mes pasado en Barcelona!

EMILIA

Por Deus, Benito, non me avergoñes. Non significou nada...



GALDÓS

Significaría o que significase, pero o caso é que o que pasou, pasou.
E teño unha carta túa que o demostra.

EMILIA

(Sen arredarse) Eu, en cambio, aínda estou agardando a que me pidas desculpas polos teus amoríos.

Galdós cala, sen querer máis discusión. Emilia cambia o xesto, repentinamente compunxida. El mira para ela.

Emilia vai cara a Galdós. El érguese da cadeira, vai cara a Emilia e abrázaa.

GALDÓS

Sen reproches?

Ela asente.

EMILIA

Ratiño... suceda o que suceda,
ti sempre serás o meu máis querido
compañeiro.

SECUENCIA 52

MADRID. SALÓN EMILIA. INT./DÍA

Emilia mira pola fiestra, abatida. A criada entra, apurada, coa bandexa da correspondencia na man. Hai un telegrama da Coruña. Emilia ábreo rapidamente.

EMILIA (CONT)

(Con voz angustiada) Prepare a miña equipaxe inmediatamente.

SECUENCIA 53

TABERNAS. DORMITORIO. INT./DÍA

Vemos a foto de don José, cunha orla de loito, na mesiña. Emilia ten os ollos inchados de tanto chorar. Escribe con papel e pluma.

EMILIA (CONT)

"Meu ratiño querido:
xa suporás como estou e cal é a miña
situación desde hai dúas semanas...".

Emilia está feble e esgotada pola dor.

Entran a nai e a tía.

DONA AMALIA

Emilia, os nenos acaban de chegar.

EMILIA

(Arrastrando as palabras) Se me ven así,
vanse asustar.

DONA AMALIA

Amáñate un pouco mentres eu os entreteño.

Dona Amalia sae.

VICENTA

É lei de vida, Emilia. Os pais antes que
os fillos.

Emilia colle a foto do seu pai na mesiña e olla para ela.

DON JOSÉ (OFF)

A vida é moi curta, Emilia.
Hai que escoller e asumir as
consecuencias das propias decisións.

Emilia parece a piques de derrubarse de novo.

EMILIA

Quen me vai entender coma el, tía?
Quen? Meu pai fíxome quen son.

VICENTA

(Con firmeza) Tamén che aprendeu a ser
forte e a superar as desgrazas.
Esa é a clase de muller que es, Emilia.
A ver se fas honra a esa ensinanza, que
non tes doce anos.

A súa tía Vicenta míraa agora coa cara descomposta da
pena que sente pola dor da súa sobriña. Recomponse e sae.



EMILIA (OFF)

"Non teño ánimos para escribir nada, nin tempo, pois a xente rodéame, distraíame e abáfame, todo xunto".

SECUENCIA 54

A CORUÑA. LIBRARÍA. INT./DÍA

Emilia ollea *A besta humana*, de Zola. O libreiro mira para ela, compunxido, compasivo, sen dicir nada. Achégase a ela.

LIBREIRO

Pareceume que lle había interesar.
Un deses libros naturalistas que non hai quen os ature, non sendo vostede e catro iluminados máis.

EMILIA

Moitas grazas, Manolo.
Pero cría que certos libros non os consideraba vostede lectura axeitada para unha señora...

LIBREIRO

(Seco, por non parecer insensible)
E así é.

Emilia queda atónita (Acaso ela non é unha señora?).

EMILIA

Non sei se ofenderme.

Mariana achégase.

MARIANA

Dona Emilia, acompáñoa no sentimento.

EMILIA

Grazas, Mariana. Como che vai, filla?

O libreiro mira moi anoxado a Mariana, que se mostra completamente blindada e relaxada ante o enfado paterno.

LIBREIRO

Vaille ben.

Emilia ignora a contestación do libreiro e segue agardando pola resposta de Mariana, que semella máis ben divertida.

MARIANA

(Sorrindo) Vaime ben, señora.

EMILIA

(En voz baixa) Segues estudando?

LIBREIRO

(Enfadado) Segue, si.
Se buscasse un home bo e se deixase de darme gastos...

EMILIA

Vexo que vostede tamén segue moi contento de ter unha filla con ansias de cultura.

LIBREIRO

Contentísimo. E se me desen garrote vil, sería completamente feliz.

Emilia, de súpeto, loito, tristura e todo, bótase a rir sen poder conterse.

EMILIA

Que troglodita é vostede, Manolo.

LIBREIRO

Ría da miña desgraza, ría.

EMILIA

Debía estar orgulloso de Mariana. É un dereito do ser humano ilustrarse para a súa felicidade persoal.

LIBREIRO

Canto máis a oio falar, peor me soa o que di. Que felicidade nin que gaitas!
Pero que é iso da felicidade?
Vostede cre que cando o meu pai me deixou a cargo da librería dixo:
"Ala, para que sexas feliz"?



Non señora, dixo: "E agora a traballar, que eu xa estou farto de manterte".

EMILIA

Manolo..., ás veces paréceme que o que vostede busca é que deixe de ser clienta súa.

LIBREIRO

(Sarcástico) Nin de broma señora. Faime vostede moito gasto.

O libreiro pasa diante de Emilia e marcha.

MARIANA

(Cun xesto cómico)
E iso é o máis bonito que vostede lle oirá dicir ao meu pai.

Emilia sorrí.

SECUENCIA 55

MADRID. DESPACHO EMILIA. INT./DÍA

Despacho de Emilia, cheo de cuartillas e libros. Emilia está sentada, non escribe nin le. Ten diante o libro de Gaspar. Colle papel e pluma e pñse a escribir.

EMILIA

A mansión de don Lucio, de Gaspar Villena y Jiménez. Recensión literaria.
(Suspira) Ao touro, Emilia, e nada de dar capotadas.

SECUENCIA 56

MADRID. SALÓN EMILIA. INT./DÍA

Emilia está lendo, mentres Amalia e Vicenta bordan. As horas van pasando. Emilia mira o seu reloxo de cando en vez.

A criada entra con Arturo.

ARTURO

Señoras...

DONA AMALIA

Arturo...

Emilia mírao fixamente e deseguido comprende.

EMILIA

Non aprobaron a moción, verdade?

ARTURO

Gaspar e o seu grupo votaron en contra.

Amalia e Vicenta escoitan sen case erguer a mirada.
Emilia mira as súas mans entrelazadas sobre o libro.

ARTURO (CONT)

Por que o fixo, señora?
Por que publicou a recensión do seu libro
antes da votación?

EMILIA

Porque o meu pai habíase de remexer na
tumba se deixo que os meus intereses se
sobrepoñan aos meu principios.

A cara de aprobación de Amalia contrasta co rosmar de
Vicenta pola contestación de Emilia. Arturo mira as dúas
damas.

ARTURO

Moi bonito e moi amable...pero xa ve o
resultado.

EMILIA

Xa haberá máis sorte noutra ocasión.

Arturo mira para ela, serio.

EMILIA (CONT)

Que?

ARTURO

Pensei que estaría vostede furiosa.



EMILIA

(Sorrí) Será que me estou curtindo.
Ou será que hai penas que lles dan aos
contratemplos o seu xusto valor.

SECUENCIA 57

MADRID. ATENEO. ESCALINATA. INT./DÍA

Emilia entra con Arturo.

GASPAR

Moi amable, xa nos vemos agora.

ARTURO

Custoume moito conseguirlle invitación
para esta conferencia. Menéndez Pelayo
está moi solicitado.

EMILIA

É que é un sabio moi grande.

Gaspar baixa as escaleiras e non evita falar con eles.

GASPAR

Boas tardes, dona Emilia.

EMILIA

Home, don Gaspar. Boas tardes teña
vostede.

GASPAR

Señora, un pracer vela.

EMILIA

O mesmo digo.

GASPAR

Hai tempo que non se sabe nada de
vostede.

EMILIA

Estiven moi ocupada organizando a mudanza
da miña familia a Madrid.

Supoño que agora que vivo con tres fillos, a miña nai e a miña piadosa tía son por fin unha muller respectable.

GASPAR

Si, a familia obra marabillas na vida dun home. Miren a Galdós, que desde que lle naceu a filla ten outra ilusión.

EMILIA

(Sobrepoñéndose á sorpresa) O señor Galdós tivo unha filla?

GASPAR

Si, hai moi pouco tempo.

Emilia queda sen fala.

GASPAR (CONT)

Gocen coa conferencia.

Gaspar marcha.

Emilia queda paralizada.

EMILIA

Sabíao vostede, Arturo?

Arturo míraa por un instante.

ARTURO

Sábeo todo o mundo, Emilia.

EMILIA

Todo o mundo menos eu. Como non me dixo nada?

Emilia sae á rúa sen máis, deixando a Arturo cortado.

SECUENCIA 58

MADRID. DESPACHO EMILIA. INT./DÍA Emilia escribe.

A súa dor é manifesta. Escoitamos a carta de Emilia pedíndolle a Galdós que vaia vela.



EMILIA (OFF) (CONT)

"Miquiño: agardo que teñas un momento para vérmonos cando veñas a Madrid. Hai moito que non sei de ti e dóeme pensar que xa non precisas do meu cariño como eu preciso do teu. Sempre crin que, pasase o que pasase, poderíamos ternos o un ao outro. Ven e dime que ti tamén o cres así".

Entra dona Amalia acompañada de Vicenta, vestidas para saír.

DONA AMALIA

Por que non estás amañada?

EMILIA

Teño traballo.

VICENTA

Temos faladoiro coa marquesa da Laguna.

EMILIA

Hoxe non podo ir. Dicide que teño a gripe.

Entra a criada cun paquete. Emilia desenvolve o paquete.

EMILIA (CONT)

Outro exemplar de *A pedra angular* que me devolven. Sen abril... Xa non é que non queiran facer a recensión, é que non queren nin lelo!

DONA AMALIA

Anda, acompañanos. E así haste distraer do traballo.

Emilia négase. Levanta a pluma coa man.

EMILIA

Esta é a miña mellor distracción.

Elas míranse e saen. Emilia cobre a cara coas mans. Apártaas e espílese. Colle outra cuartilla, molla a pluma e ponse a escribir.

PASO DE TEMPO

Chegan máis libros devoltos. Ela míraos cun simple arqueo de cellas e segue escribindo.

Emilia escribe, incesante. Na súa mesa, vaise acumulando unha cuartilla tras doutra da revista Novo Teatro Crítico.

SECUENCIA 59

MADRID. DESPACHO DE EMILIA. INT./DÍA

1891-1893

Mediante encadeados, van aparecendo os distintos números sucesivos da revista Novo Teatro Crítico.

SECUENCIA 60

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT./DÍA

INTERTÍTULO: MADRID, 1893

Don Tomás está falando con Arturo. Le un xornal que ten diante onde aparece unha caricatura de Emilia.

TOMÁS

Pobre dona Emilia. Non merece que a traten así.

ARTURO

Tan malo é?

TOMÁS

Din que é entremetida, que é presuntuosa, que é pesada, que é ambiciosa...
E, sabe? Non deixo de preguntarme unha cousa: se me esquezo de que dona Emilia leva saias en vez de pantalóns...
Diría entremetida ou diría curiosa?
Diría pesada ou erudita...? Diría ambiciosa ou perseverante?



Arturo mira para el, sorprendido.

ARTURO

E cal é a súa resposta a esas preguntas?

TOMÁS

A resposta, querido Arturo, é que se dona Emilia fose un home... sería Eu!

ARTURO

Eu non digo que non teña defectos, coma todo o mundo, pero é honrada e non ten maldade... e é a mellor amiga que un poida desexar.

TOMÁS

E, ademais, é unha escritora descomunal!

ARTURO

Do mellor que hai neste país.

TOMÁS

Que ás veces sexa como unha dor de cabeza non lle quita o seu mérito.

ARTURO

Porque non sabe calar o que pensa.
E se discrepa, discute, e tanto lle ten que sexa co panadeiro que co ministro.
Non se sente menos ca ninguén.

TOMÁS

A sinceridade non fai amigos.
E isto é máis certo se falamos dunha muller.

ARTURO

Desde cando é vostede feminista?

TOMÁS

Eu? Deus me libre! Pero ese afán polo estudo e polo traballo de dona Emilia, apenas os vin iguais en toda a miña vida.

Tomás érguese e segue falando entusiasmado.

TOMÁS (CONT)

Fíxese vostede na súa revista... Novo *Teatro Crítico*. A quen coñece vostede con capacidade e empeño suficientes para publicar, en solitario, cento cincuenta cuartillas durante tres anos seguidos?

Arturo, convencido da sinceridade de Tomás, séntese máis tranquilo e comenta confidencialmente.

ARTURO

A ninguén. E é unha revista excelente que pagaba dona Emilia na súa totalidade. Mágoa que tivese que abandonar. Demasiado traballo e moi pouco beneficio!

Entra Gaspar.

TOMÁS

Ah, Gaspar, xa puxo o anuncio no taboleiro?

GASPAR

Veñen de facelo, Tomás.

GASPAR (CONT)

Arturo...

Tomás e Gaspar sentan.

ARTURO

Que anuncio?

TOMÁS

É para os cursos da Escola de Estudos Superiores.

GASPAR

Cabaleiros, este ano contaremos cos mellores profesores, coas mentes máis privilexiadas do país.

ARTURO

Vostede entre elas?



GASPAR

(Con falsa modestia) Ah...! Arturo (*ri*), non teño tempo.

TOMÁS

Nin gana, que dá moito traballo.

ARTURO

E xa seleccionaron o profesorado?

TOMÁS

Pois estamos niso...

SECUENCIA 61

MADRID. DESPACHO EMILIA. INT./DÍA

Arturo mira a Emilia, medio agochada entre exemplares do seu último libro.

ARTURO

Pero, cantos libros enviou, Emilia?

EMILIA

Moitos, coa esperanza de que me fixesen algunha recensión. E mire vostede, devolvéronme a metade. Só Galdós quedou co seu e ata fixo unha recensión moi positiva. Ah!, e don Tomás, que enviou unha nota moi afagadora.

ARTURO

Algo é algo.

Arturo, pícaro, ten unha ocorrencia.

ARTURO (CONT)

Sabía que están contratando profesores para a Escola de Estudos Superiores do Ateneo?

Emilia mírao fixamente.

SECUENCIA 62

MADRID. ATENEO. DESPACHO. INT./DÍA

Tomás está sentado fronte a Gaspar, no despacho deste último.

GASPAR

Sabe como lle chaman por aí a dona Emilia?, A inevitable. Ocorréuselle a Zorrilla, pero a Clarín fíxolle tanta graza que xa non a chama doutra maneira. Quere ser a salsa de todos os guisos e aburre a todo o mundo coa súa pedantería.

TOMÁS

A min non me aburre. E ese resentimento de Clarín vén de antigo. Foi amigo e admirador da Pardo Bazán durante algún tempo. Pero sentoulle moi mal que ela non lle fixese unha recensión de La Regenta. Tampouco é para poñerse así, digo eu.

Gaspar reméxese no seu asento, incómodo.

GASPAR

Tomás, vostede de que lado está?

TOMÁS

Ah, pero logo é unha guerra?

Emilia aparece cunha carpetiña na man acompañada de Dositeo. Tomás e Gaspar fan amago de levantarse para recibila, pero ela failles un xesto coa man para que queden sentados.

TOMÁS (CONT)

Dona Emilia, que pracer...

EMILIA

Desculpen que me presente sen invitación.
(Ao bedel) Grazas por acompañarme,
Dositeo.

DOSITEO

(Con reverencia) Ó seu servizo, dona Emilia.

Dositeo vaise.



TOMÁS

Non se preocupe, dona Emilia.
Está vostede na súa casa. Sente, por favor.

Emilia senta.

EMILIA

Víñalles traer o meu currículo.

TOMÁS

O seu currículo?

EMILIA

Para solicitar o posto de profesora de literatura na escola do Ateneo.

Tomás reacciona.

TOMÁS

Quere vostede dar clase?

EMILIA

Estráñalle?

TOMÁS

Non, señora. Se lle digo a verdade, de vostede xa non me estraña nada.

GASPAR

(Reaccionando a duras penas) Señora, debe vostede saber que hai moitos candidatos de enorme prestixio para todas as especialidades. Ramón y Cajal, Menéndez Pelayo...

EMILIA

Imaxino que será un curso cun gran nivel de esixencia. Por iso tomei a molestia de redactar un programa completo de leccións. Supoño que todos os candidatos virían entregar xa o seu. Así poderán escoller o perfil pedagóxico máis axeitado.

GASPAR

(Alterado, a Tomás, en voz baixa)
Programa? Ninguén máis presentou un
programa!

Emilia vólvese antes de saír, xa lonxe, desde a porta.

EMILIA

Ah, e heilles facer chegar exemplares da
miña obra, para que todos os membros da
Xunta xulguen obxectivamente se teño ou
non méritos suficientes para o cargo. Que
teñan vostedes un bo día, señores.

Emilia sae.

SECUENCIA 63

PASO DE TEMPO

Dositeo chega cun feixe de libros. Hai outros moitos
ocupando o espazo da mesa...

GASPAR

Pero... Pero todo isto escribiuno ela?

TOMÁS

(Divertido e admirado) Si, de momento
isto é todo.

Gaspar dá voltas, nervioso, incómodo.

GASPAR

Ben, pero este curso non pode impartilo.

ARTURO

Por algunha razón en particular?

GASPAR

Arturo, quen se vai inscribir
nun curso de literatura impartido por
unha muller? (Ri)



SECUENCIA 64

MADRID. ATENEO. ENTRADA. INT./DÍA

Gaspar, nervioso, mira unha lista no taboleiro de anuncios. Tomás está con el. É a listaxe de alumnos apuntados ás 28 cátedras de estudos superiores.

TOMÁS

Pardo Bazán, oitocentos vinte e cinco.
Menéndez Pelayo, douscentos dez.

GASPAR

Tomás, sei contar.

TOMÁS

E tivemos que cerrar as listas porque, se nos descoidamos, medio Madrid quere ser alumno da señora Pardo. E para a nosa vergoña... (con humor) non pode ser socia do Ateneo porque llo prohíbe o regulamento!

Tomás marcha, oufano, e deixa a Gaspar con cara de fastío.

SECUENCIA 65

MADRID. ATENEO. ENTRADA. INT./DÍA

DOSITEO

Dona Emilia, vostede agarde aquí, por favor. Eu heina avisar cando poida pasar á biblioteca.

Emilia asente e diríxese a un asento da sala. Vicente Blasco Ibáñez entra con sioxilo e senta ao seu lado. Ao volverse levemente, Emilia leva un sobresalto ao ver a Vicente.

Este sorrí mentres leva a man ao peito e pecha os ollos

EMILIA

Nai de Deus, case me mata do susto, cabaleiro!

VICENTE

Pídolle desculpas, dona Emilia.

Emilia recomponse e mírao.

EMILIA

Non lle diga a ninguén que me viu aquí.
Xa sabe que a biblioteca é só para
socios.

VICENTE

(Divertido) Xa, xa, xa, estou ao
corrente. E cóase vostede aquí dentro moi
a miúdo?

EMILIA

(Xa relaxada, divertida) Sempre que podo.
Como lle vai a vostede, Blasco?

VICENTE

Algo aburrido de Madrid.

EMILIA

Abúrrelle ser deputado?

VICENTE

Para ver pallasos, prefiro ir ao circo.

Os dous rin.

VICENTE (CONT)

Por certo, cando me fará vostede a honra
de publicar no meu xornal?

EMILIA

Non me diga que necesitan a unha
escritora católica e monárquica...
nunha publicación tan revolucionaria.

VICENTE

Se o meu xornal lle parece dabondo para
vostede, vostede é máis que dabondo para
el.



EMILIA

(Ela sorrí sen responder).
E vostede, cando publicará o seu su
próximo libro? Ou é que non ten tempo con
esa vida tan axitada que leva?

VICENTE

Para escribir teño que pecharme na casa.
(Pícaro) A soas. Porque, se me pecho con
compañía, nin como, nin bebo, nin
escribo.

Emilia, collida por sorpresa pola picardía, queda sen
saber que responder.

EMILIA

Vai quedar vostede ao faladoiro?

VICENTE

Non, non, non, gustaríame, pero non podo.
Os faladoiros sempre se alongan e eu mañá
teño que madrugar.

EMILIA

Unha viaxe?

VICENTE

Un duelo... (Con comicidade).
Así que poña unha candea por min ao santo
da súa devoción, xa que os santos e mais
eu non facemos boa mestura.
Boa tarde, dona Emilia.

Emilia sorrí, divertida. Vicente levántase e marcha.
Crúzase con Arturo, que entra. Saúdanse e Arturo chega
onda Emilia.

ARTURO

Así que Dositeo vólvea coar na
biblioteca. Como a pillen, aínda lle han
botar un bo responso.

EMILIA

Iso non vai pasar.

Emilia mira cara á porta, pola que saíu Blasco.

ARTURO

Un home encantador, este Blasco.

EMILIA

Extremadamente encantador.

ARTURO

E extremadamente casado.

Emilia mírao, burlona.

EMILIA

Si. Casado e polo menos quince anos máis novo ca min. Tranquilo, Arturo, que xa non teño idade para saltar da cama á alba e impedir que morra nun duelo pola miña honra...

SECUENCIA 66

MADRID. DORMITORIO PENSIÓN. INT./DÍA

Vicente está na cama. Ten o brazo esquerdo en estribeira. Emilia senta nunha cadeira ao seu lado.

EMILIA (CONT)

Esta sopa caseira axudaralle a repoñerse do transo.

VICENTE

A súa presenza séntame mellor que a mellor sopa. E entreténme unha barbaridade.

EMILIA

Cría que agora que ten que facer repouso, por fin tería tempo para escribir outra novela.

VICENTE

E para que necesita o mundo outra novela miña?

EMILIA

Se empeza con falsas modestias, collo a porta e marchó.



VICENTE

De acordo. Nada de parvadas.

EMILIA

Dígame a verdade. Gustáronlle os meus últimos libros?

VICENTE

Si. Si, si, si, claro. Pero moléstame que teña vostede tantos prexuizos morais. Os finais sempre son exemplares. E a vida é precisamente todo o contrario: salvaxe e inmoral.

EMILIA

(Pensativa, lembrando) Esas críticas non son novas para min.

(Animada) E vostede é un cínico.

VICENTE

Non, non, non. Son realista. Tomo as persoas polo que son. Imperfectas e inmoraís.

EMILIA

(Rindo) E eu que me cría o maior escándalo da literatura española contemporánea!

VICENTE

Vostede pon nerviosos os críticos que toman as mulleres por parvas. Coma se elas non soubesen nada das cousas da vida. E eles son os idiotas. De aí o seu escándalo. Pero eu tómoa a vostede por moderada... e reprimida.

Vicente fai ademán de aloumiñar a Emilia nunha fazula, pero ela afástalle a man.

EMILIA

Hai dez anos, teríame volto vostede a cabeza do revés. Pero na vida non se pode ter todo, Vicente. Hai que escoller e eu escollo a miña carreira. E para iso necesito a miña honra intacta.

VICENTE

(Compunxido) Eu son quen o perde.

Xentil, inclina a cabeza e sorrí.

SECUENCIA 67

MEIRÁS. XARDÍN. EXT. /DÍA

PASO DE TEMPO

Amalia e Vicenta pasean polo xardín. Emilia está sentada escribindo cartas, cando chega Mariana apurada.

EMILIA

Mariana! Que ledicia verte!
Que tal lle vai á señora profesora?

Mariana senta fronte a ela, moi seria.

MARIANA

Dona Emilia, teño que pedirlle un gran favor.

EMILIA

Por Deus, filla, o que sexa!

MARIANA

Meu irmán está en Cuba, na guerra.
Ferido, enfermo de febres, asustado.
Só ten dezoito anos e se non o licencian
acabará morrendo lonxe da súa terra e da
súa familia.

EMILIA

(Impresionada) Non tiña nin idea...
Onte estiven na librería e teu pai non
dixo unha soa palabra.

MARIANA

Xa sabe vostede como é, que non sabe
pedir favores.

EMILIA

Parece mentira...



MARIANA

Entón, pode facer algo por Pabliño?

SECUENCIA 68

TABERNAS. SALA. INT./DÍA

Emilia e Pepe camiñan xuntos cara o sofá.

EMILIA

Senta, anda.

Pepe senta xunto a ela.

PEPE

Bonito abanico.

EMILIA

Grazas. Teño que consultarche algo moi serio.

EMILIA (CONT)

O fillo de Manolo Abrial está en Cuba, ferido e con febres e non o licencian aínda que está inhabilitado para o servizo. Non coñeces a ninguén que lle poida axudar a volver á casa?

Pepe non contesta de inmediato. Emilia rompe e confésase.

EMILIA (CONT)

Estou cansa, Pepe, cansa de protestar por esta guerra e triste polas vítimas. Gustaríame poder facer máis do que fago, pero sei que non podemos cambiar esta época que nos tocou vivir.

Pepe levántase e queda un anaco en silencio.

PEPE

Teño un amigo alí que é coronel de artillería.

EMILIA

(Ilusionada) Pensas que poderá facer algo polo rapaz?

PEPE

Si. Heille mandar un telegrama
inmediatamente.

Pepe volve sentar no sofá ao carón de Emilia.

PEPE (CONT)

Chámase Pablo, non chama?

EMILIA

(Asente) Moitas grazas, Pepe. Es un
santo.

Pepe ri.

PEPE

Se fose un santo, non te terías desfeito
de min.

EMILIA

Serei eu, que non hai home que me
soporte.

PEPE

(Retomando o ton normal, cordial)
Invitarasme a café, polo menos.

EMILIA

(Animándose) A café e a roscón de anís do
que máis che gusta. Sabías que á nosa
Blanca lle apareceu un pretendente?

PEPE

Mira para ela...!

Seguen charlando.

SECUENCIA 69

A CORUÑA. LIBRARÍA. INT./DÍA

Manolo parece máis animado e riseiro do habitual, que non
é moito dicir. Emilia está collendo un par de volumes nun
andel. Manolo achégase a ela.

LIBREIRO

Que se lle ofrece hoxe, dona Emilia?



EMILIA

Un par de libros e os bos días, polo menos.

LIBREIRO

Bos días.

EMILIA

Como se atopa o seu fillo?

LIBREIRO

Ben. Vén de camiño nun barco mercante. Grazas.

Manolo queda en silencio. Emilia comprende que iso é todo o que vai sacar del.

LIBREIRO (CONT)

Que libros quere hoxe, dona Emilia?

EMILIA

Os últimos de Unamuno.

LIBREIRO

Ah, seica caeu en desgraza e xa non lle envían exemplares de cortesía os seus amigos intelectuais?

EMILIA

(Empezando a amolarse) Claro que si.

LIBREIRO

Entón, por que ten que vir mercalos?

EMILIA

(Irritada) Porque teño ese antollo. Oía, e vostede non vai cansar nunca de disparar contra min?

LIBREIRO

E deixar que adormeza enriba das pallas? Nunca!

O libreiro sae, sorrindo. Emilia tamén sorrí.

SECUENCIA 70

MADRID. CAFÉ. INT./DÍA

Emilia está con Arturo e Sofía, en animada conversación.

ARTURO

Desta vez, está feito. Hai maioría de socios que queren que se acepten as mulleres no Ateneo.

EMILIA

E Gaspar e os seus acólitos?

ARTURO

Gaspar está moi distraído coa súa candidatura á Real Academia.

Emilia queda tesa.

EMILIA

Gaspar é candidato á Academia?

SOFÍA

E non o sabía? Arturo, tes a dona Emilia moi mal informada.

ARTURO

Non lle dixen nada por non desgustala.

EMILIA

(Exaltándose a medida que fala)
Desgustarme eu? Por que? Porque ese individuo reciba unha honra que non merece...? Porque se neguen a considerar a outros con máis valía?

Arturo entende perfectamente.

ARTURO

Acórdese do tempo que tardou o señor Galdós en ser académico.

EMILIA

Tendo saúde e bo humor, non me vou queixar de ningún desprazo que a vida me faga.

SOFÍA

E ten que ser moi traballoso iso de pasar todos os xoves discutindo sobre gramática e fonética.

ARTURO

(Aproveitando o argumento humorístico de Sofía) Iso.

EMILIA

(Estalando) Pero ata cando haberá que agardar para que unha muller de mérito sexa tratada con equidade?

Arturo mira para ela, escéptico.

EMILIA (CONT)

Pois eu tamén quero ser académica!
Pero non por vaidade. Por feminismo.

Arturo e Sofía rin.

ARTURO

Por suposto que si.
A señora Condesa sempre tan idealista nas súas ambicións.

Emilia míraos amolada.

SECUENCIA 71

RAE. ENTRADA. INT./DÍA

Tomás está de charla con outros dous académicos, que agardan para entrar nunha reunión.

ACADÉMICO

Así que agora é vostede moi amigo da Pardo Bazán.

TOMÁS

Pois tanto como moi amigo, non.
Pero aprecio bastante o seu traballo.

ACADÉMICO

(Bromista) Calquera día preséntanos a insigne señora como candidata.

TOMÁS

Quizais noutras circunstancias...
Pero a lista de agarda é longa de máis
e temo que dona Emilia está moi atrás na
ringleira.

ACADÉMICO

Certo. En ningún país moderno hai
mulleres académicas. Como di o señor
Valera, non imos ser nós os primeiros en
facer o ridículo.

SECUENCIA 72

MADRID. ATENEO. GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

Emilia está agardando. Vai haber asemblea de socios, os
últimos chegan apurados. Galdós baixa polas escaleiras e
achégase a Emilia. Ela queda petrificada.

GALDÓS

Emilia...

EMILIA

(Con animación falsa) Vaia, que milagre
velo a vostede por aquí.

GALDÓS

A ocasión meréceo. Vin expresamente para
votar a favor da incorporación das
mulleres no Ateneo.

EMILIA

E eu agradézollo no nome do meu sexo.
Hai tempo que non o vexo, pero imaxino
que virá máis a Madrid para as sesións da
Academia. Como se atopa vostede?

Galdós acusa o comentario.

GALDÓS

Ben, moitas grazas. Lin con moito pracer
o seu último libro de contos. Recibiu a
miña carta ao respecto?



EMILIA

Recibina, si, desculpe que non lle
contestara aínda, pero ando apurada de
traballo.

Dositeo achégase a dona Emilia. Hai un intre de silencio.

DOSITEO

Señor Galdós, é vostede o último e teño
que pechar.

EMILIA

Grazas, Benito.

GALDÓS

Cóidese, Emilia.

Galdós vai cara á sala. Dositeo mira a Emilia.

DOSITEO

(Riseiro) Espero que gañen a votación,
para que non teña que seguir levándoa ás
agachadas á biblioteca...

Emilia sorrí. Dositeo marcha e ela, tras un breve
instante e aínda afectada, fai o mesmo.

OFF EMILIA:

"Señores, espero que teñan a ben
considerar de novo a nosa petición.
Outra negativa suporeina menosprezo de
sexo. E saiban que estou disposta a
proseguir a miña campaña para reivindicar
o noso dereito, se fose necesario".

SECUENCIA 73

TABERNAS. DESPACHO. INT. /NOITE

Emilia le no seu despacho, cun aire de melancolía no
rostro. De fóra chega o ruído e a luz dos fogos
artificiais. Vicenta abre a porta e asoma a cabeza.

VICENTA

Emilia, a cea está preparada. Os nenos
están agardando.

Óense máis foguetes. Emilia mira as luces das fiestras.

VICENTA (CONT)

Ai! Sabe Deus que cousas espantosas
traerá consigo este novo século.

Sobre o rostro de Emilia vemos o reflexo das luces dos
fogos.

EMILIA

E cantas marabillas...!

SECUENCIA 74

MADRID. ATENEO. CORREDOR. INT./DÍA

INTERTÍTULO: MADRID, 1905

Emilia posa para a prensa co seu carné de socia na man
(número 7925). Sorrí, pero unha vez que deixa de posar
non parece moi contenta. Arturo achégase coa intención de
marcharen xuntos.

EMILIA (CONT)

Así que Gaspar por fin conseguiu que o
elixan académico.
Era o que me faltaba por ver.

ARTURO

Non rabie, dona Emilia, que non merece a
pena. Dígame, está escribindo algo
ultimamente?

Emilia mira para el e cala, de forma intrigante.

EMILIA

Un libro de cociña. Xa que os libros
divulgativos non se venden, a ver se con
este atino máis cos gustos femininos.

ARTURO

Estase volvendo vostede unha cínica.

EMILIA

(Con contundencia) Pragmática, Arturo,
pragmática.



SECUENCIA 75

COCIÑA. INT./DÍA

Emilia está diante dunha mesa de cociña (é un decorado no estudo dun fotógrafo), vestida de punta en branco. Está rodeada de olas e cacharros e posa para unha foto. Arturo obsérvaa, con dona Amalia.

EMILIA (CONT)

É mellor que me poña así, sorrindo de medio lado.

DONA AMALIA

(A Arturo) Está escribindo outro libro de cociña. O primeiro xa vai pola segunda edición.

EMILIA

Que opina, Arturo? Parece que por fin acertei cos gustos literarios da muller española.

ARTURO

Pero isto da publicidade... Non sei que vai pensar a boa sociedade literaria.

EMILIA

Por min que digan misa. Eu vivo do meu oficio e non teño que pedirlle permiso a ninguén. E punto redondo.

Vemos a Emilia moi composta e como o fotógrafo dispara a cámara.

SECUENCIA 76

A CORUÑA. LIBRARÍA. INT./DÍA

Vemos a foto en branco e negro xa impresa nunha revista. É un anuncio de aceite italiano. O libreiro mira a foto e mira a dona Emilia desde detrás do mostrador.

LIBREIRO

(Rosmón) Que pouca vergoña ten vostede!
Tan española que di ser e facendo
promoción de aceite italiano.

EMILIA

É que pagan moi ben.

LIBREIRO

(Arisco) Ah! Páganlle por isto?
Eu cría que era cousa súa, que por
facerse retratar é capaz de todo.

EMILIA

(Inmune á faltada) Pois non señor.
Máis ben ó revés. O meu nome vende moito,
el soíño.

LIBREIRO

(Deixando a revista) Que se lle ofrece
hoxe?

EMILIA

Nada. Veño charlar.

LIBREIRO

(Sorprendido, pero aínda arisco)
Ah! Como se non tivese nada mellor
que facer que darlle conversa á señora!

Emilia pon as mans no mostrador, plantándose cos brazos
estirados.

EMILIA

Corenta anos, Manolo. Corenta anos
faltándome. E aquí seguimos, vostede e
máis eu... vostede disparando e eu
parando as frechas.

LIBREIRO

Será que teño moi mala puntería.

EMILIA

Ou eu moi bo escudo.

O libreiro, por fin, non pode evitar rir.



EMILIA (CONT)

Non sei que graza lle atopa a meterse comigo.

LIBREIRO

É que ten vostede moita miga, señora. Católica, progresista, monárquica e feminista. Esa mestura non hai quen a entenda.

EMILIA

Pero que manía de querer poñerlles unha única etiqueta ás persoas! Nin que foramos queixos!

LIBREIRO

A vostede cunha etiqueta sóbralle. Insensata.

EMILIA

Insensata, eu? Por pedir que o mundo progrese e que deixe de ver as mulleres como persoas de segunda?

LIBREIRO

A min non ten nada que reprocharme, que teño unha filla profesora. Non podo ser máis moderno!

EMILIA

Traballo lle custou á pobre demostrarlle que, por ser estudosa, non deixaba de ser unha boa filla.

LIBREIRO

Si, pero non me dá netos!

EMILIA

Non se pode ter todo na vida.

LIBREIRO

(Irritado) Pois eu prefería que me dese netos!

Emilia enfádase un pouco.

EMILIA

Demasiada esixencia coas mulleres e moi pouca cos homes! (Pedagóxica) Mire vostede, don Manolo, o outro día lin na prensa o seguinte: "Muller detida por fumar desvergoñadamente en público". Como se fuma desvergoñadamente, a ver?

Emilia, sulfurada e seguindo coa diatriba, saca un cigarro turco do bolso e pono na boca.

EMILIA (CONT)

Imos facer a proba, a ver se eu tamén sei fumar desvergoñadamente...

Emilia, co cigarro na boca, busca no bolso uns mistos. O libreiro mira para ela fixamente. Parsimonioso, acende un misto e acéndelle o cigarro a Emilia. Emilia está tan sorprendida que se atragoa co fume.

LIBREIRO

Emilia, despois de corenta anos toleándome a cabeza e aturando o meu mal xenio, creo que gañou vostede o dereito a fumar como lle veña en gana.

Emilia tose da sorpresa e o libreiro bótase a rir.

SECUENCIA 77

MEIRÁS. XARDÍN. EXT. /DÍA

Emilia pasea soa polo xardín. A brisa sopra suavemente. Ela pecha os ollos e ole o aire. Mira o xardín. Cede á melancolía.

OFF EMILIA:

"As torres de Meirás, a miña terra.
O lugar onde máis sinto a lixeira febre
que acompaña a creación artística".

En flashback, montaxe de imaxes do pasado. Os nenos corren polo xardín xogando. Dona Amalia e Vicenta pasean do brazo, falando e rindo.

Emilia vai camiñando polo xardín. As torres de Meirás



aparecen en todo o seu esplendor.

OFF EMILIA: (CONT)

"Un cuarto de meu, o meu santuario.
A terra onde alimento o valor e a coraxe
precisos ante as probas que me depara a
vida".

Emilia mira pola balconada de pedra cara abaixo e ve o
seu pai plantando a árbore.
Logo dá media volta e queda pensativa, aínda contemplando
o xardín.

SECUENCIA 78

MADRID. CAFÉ. INT./DÍA

Arturo e Tomás están charlando. Arturo anota algo nun
papel.

TOMÁS

Apunte tamén a Soriano. De seguro que
vota por Gaspar.

Entra Emilia e senta diante da cunca de chocolate
intacta.

ARTURO

Emilia! Chega tarde. Xa se lle arrefriou
o chocolate.

EMILIA

Non importa. Que conspiran vostedes?

ARTURO

Estamos botando contas sobre quen será o
próximo presidente da Sección de
Literatura do Ateneo.

EMILIA

Ah!

TOMÁS

Eu digo que será Gaspar.

ARTURO

E eu digo que será Unamuno.

EMILIA

(De brincadeira) E se me presentara eu?

Ambos os dous ignoran o comentario e tómano pola broma que é.

TOMÁS

Apunte tamén a Ledesma na lista de Gaspar.

Emilia míraos fixamente.

EMILIA

Un momento. (Seria) E se me presentara eu?

Arturo e Tomás mírana fixamente.

ARTURO

Emilia, ser presidenta dunha sección do Ateneo non é como ser socia.
Non é como ser profesora.

TOMÁS

É case como ser ministro!

EMILIA

E?

TOMÁS

Serei franco con vostede: non ten ningunha posibilidade. Os socios nunca votarán a unha muller para que presida unha sección.

EMILIA

Nin sequera a min?

ARTURO

(Negando) É unha posición de moito poder.

EMILIA

Xa o sei. Por iso me interesa.
Se unha muller vale, por que non vai mandar como manda un home?

ARTURO

Téñollo que explicar a estas alturas?
Porque non. Porque o mundo é como é.

EMILIA

E antes era como era, e as mulleres non
podían ir á Universidade, nin ser
profesoras, nin nada de nada.
O mundo ten que cambiar.

TOMÁS

Iso os nosos ollos non o verán. É unha
ambición demasiado alta (mira a Emilia,
que torce o xesto)... xusta, non me
entenda mal, pero irreal.

ARTURO

Nin con todo o seu prestixio vai
conseguir gañar esa elección.

TOMÁS

E menos contra Gaspar, todo un académico,
na outra candidatura.

Emilia míraos fixamente.

EMILIA

Daríanme o seu voto se me presentase?

TOMÁS

Dona Emilia, non lle estamos dicindo que
non ten ningunha posibilidade?

EMILIA

Iso non é o que lles estou preguntando.

ARTURO

Emilia, esqueza este asunto. Non
conseguirá máis ca críticas.

EMILIA

Pois mire que novidade!

Emilia levántase con enerxía e marcha.

SECUENCIA 79

ATENEO. ENTRADA. INT./DÍA

Tomás e Arturo achéganse a ver o taboleiro de anuncios. Miran o un para o outro. É a lista de candidatos ás presidenciais de sección. O de Pardo Bazán é o único nome de muller.

ARTURO

Que lle dixera eu?

TOMÁS

E agora que facemos?

ARTURO

Demostrarlle a dona Emilia que somos amigos leais.

TOMÁS

Xesús! Que ridículo máis espantoso vai facer. E nós con ela... Unha cousa é ser socia e outra dar clases de literatura, porque ninguén lle nega a súa erudición, pero dirixir unha sección do Ateneo? Decidir quen impartirá cursos, quen dará conferencias, quen recibirá unha bolsa...

Tomás suspira, desalentado.

TOMÁS (CONT)

Se lle digo a verdade, nin eu mesmo votaría a unha muller para ese cargo. É algo inusitado.

ARTURO

(Animoso) Pero votará por ela, verdade?

TOMÁS

Que remedio!

ARTURO

Anímese. Despois de todo, Emilia ten moitos amigos aquí no Ateneo.

TOMÁS

Si, e tamén moitos inimigos.



SECUENCIA 80

MADRID. DESPACHO EMILIA. INT./DÍA

Emilia pasea polo despacho ensaiando un discurso.

EMILIA

Os clásicos coñecían ben a importancia do concepto...

Vicenta entra.

EMILIA (CONT)

(Con enfado) Que?

VICENTA

Arturo. E non ladres, que se che ve moito dente e dás medo. (Rosmando, para si) Así non se conquista a xente, non señor.

Entra Arturo.

ARTURO

Non diga nada. Véñolle pedir perdón. E amosar propósito de emenda. Tiña vostede razón.

EMILIA

(Compracida) Tiña razón?

ARTURO

Cantas veces quere que llo diga? Si, tiña razón. Somos uns zulús. Se quere optar á Presidencia da sección de literatura... faremos campaña por vostede.

Emilia queda sorprendida coa resposta de Arturo.

SECUENCIA 81

MADRID. ATENEO. CORREDOR GALERÍA DE RETRATOS. INT./DÍA

Emilia está lendo e tomando notas cando entra Arturo moi apurado.

ARTURO (CONT)

Dona Emilia, que fai aínda aquí?

EMILIA

Prepararme para o debate...

ARTURO

Pero se xa empezou!

EMILIA

Que? Se era ás seis...

ARTURO

Gaspar cambiou a hora.

Está presentando a súa candidatura na
Sala de Cacharrarías.

Emilia diríxese cara á sala con présa e queda un momento
escoitando na porta.

GASPAR

E sobre ese asunto que menciona vostede,
non podo máis que citar o insigne señor
Pereda. Di así: ten o desacougo de
meterse en todo, de axuizar todo e de
entender todo, como se o público non
puidese pasar sen ela un día sequera...
unha enfermidade coma outra calquera.

Óense risos.

Emilia abre a porta e entra.

SECUENCIA 82

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT./DÍA

Emilia entra cun sorriso na cara. Faise un silencio
sepulcral.

EMILIA

Señores, que non son un carabineiro para
poñer orde só coa miña presenza.
(Riseira) Empezaron o debate sen min,
polo que vexo...

GASPAR

Pensamos que se botara vostede atrás...



EMILIA

(Xocosa) Atrás? Pero se estou contra a parede...

Escóitanse un par de risadas discretas.

EMILIA (CONT)

(A Gaspar) Siga vostede, querido amigo.

GASPAR

Grazas, xa acabei o que tiña que dicir.

EMILIA

Que mágoa, e eu perdín a súa exposición... En fin, pídolles a todos que me desculpen, pero como se cambiou a hora do debate sen aviso previo...

(A Gaspar, sempre xocosa)
Non terá vostede medo desta modesta contrincante...

GASPAR

Señora, non me faga rir.

EMILIA

Oxalá, que desde que é vostede académico hai que arrincarlle os sorrisos empregando a forza. E volveuse amortuxado.

GASPAR

Señora, eu non estou amortuxado.

EMILIA

Non se enfade, don Gaspar.
Eu só viña presentar a miña candidatura e poñerme ao servizo dos señores socios como presidenta da Sección de Literatura.

GASPAR

Unha aspiración inaudita no seu xénero.

EMILIA

Parécello? Pois eu considero que é o natural, para socios e socias, non só gozar das vantaxes do Ateneo, senón compartir as responsabilidades da súa administración.

GASPAR

Señora, esas responsabilidades véñenlle demasiado grandes á maioría.

EMILIA

Entón é bo que eu sexa a minoría.

Óense un par de risos breves ao fondo.

EMILIA (CONT)

Veña, don Gaspar, non se sinta vostede incómodo, que se a competencia é boa para os tendeiros, tamén ten que selo para o Ateneo.

GASPAR

Ah! Dona Emilia, aquí non hai competencia posible, e vostede sábeo moi ben.

EMILIA

Atribúeme vostede un ánimo suicida? Pois temo que se equivoca, querido amigo. Xa sabe o que din por aí de min, que non dou puntada sen fío.

Gaspar ponse nervioso, temendo que Emilia teña un as na manga.

GASPAR

Que quere dicir? E logo pensa vostede comprar votos?

EMILIA

Por Deus, nin que isto fosen as Cortes e nós deputados.

Máis risos.



EMILIA (CONT)

Eu só quería presentar o meu programa de actuación para a Sección de Literatura: bolsas, conferencias, cursos...

GASPAR

Tarefas das que se ocuparán os seus amigos, claro.

EMILIA

Tarefas das que se ocuparán persoas de mérito, sexan amigas ou inimigas.

GASPAR

Pero amigos primeiro.

EMILIA

Así vai España, con esta mentalidade de patio de escola. Se a vostede tivesen que extirparlle a vesícula, que preferiría, que o operase un cirurxián torpe, pero amigo seu, ou o mellor cirurxián do país?

Faise un silencio cando todos notan a seriedade de Emilia.

EMILIA (CONT)

Pois así debería ser todo na vida. O mérito debería ser o único criterio a valorar, nin a idade, nin as amizades... nin o sexo do individuo.

Gaspar cala.

EMILIA (CONT)

Esa lección aprendeuma o meu pai de pequena. Que ninguén debe poñerlle reixas ao espírito humano, e ninguén debe resignarse a que llas poñan.

Escóitanse uns tímidos aplausos que van a máis.

SECUENCIA 83

MADRID. CAFÉ. INT./DÍA

Emilia dá un golpe na mesa.

EMILIA (CONT)

Ou lle gaño a Gaspar, ou como o
sombreiro.

ARTURO

Nese debate xa gañou moitos votos...,
pero seguen sen ser suficientes.

TOMÁS

Polas boas, teno vostede moi difícil,
dona Emilia.

ARTURO

E polas malas, nin pensalo. Verdade,
Emilia?

Emilia non di nada.

ARTURO (CONT)

Ou non foi vostede a que por ser honrada
se puxo a mal con don Gaspar?

TOMÁS

(Asentindo) Con don Gaspar e con Clarín,
e con Pereda, e con Valera e con Me...

O efecto é cómico, pero Emilia parece non verlle a graza.
Mira a Tomás e este enmudece.

EMILIA

Pois quizais se me fose gastando un pouco
a honradez, de tanto usala.

ARTURO

(Admonitorio) Emilia, que logo vaise
arrepentir.

EMILIA

Tranquilo, que non teño na cabeza
ningunha idea perversa.

TOMÁS

Pois é unha mágoa. (Suspira) Se só votasen as mulleres sería vostede presidenta de seguro. Pero nin con todas as mulleres do Ateneo que están da súa parte... había gañar a votación.

Emilia queda mirando para el fixamente.

SECUENCIA 84

MADRID. ATENEO. ESCALINATA. INT./DÍA

Hai un ambiente tenso e expectante. Emilia, Arturo e Tomás agardan ao final da escalinata, listos para entrar cando comece a sesión. De súpeto, óese certo balbordo desde a rúa. Vemos en primeiro plano a Sofía, a muller de Arturo, que sobe moi dereita cara eles. Detrás dela intuímos unha procesión de señoras con sombreiro. Dositeo achégase a Tomás, que ten preto a Emilia e a Arturo

DOSITEO

Estou encantado coas señoras socias.
Várrenme o chan co baixo da saia e
déixanmo como unha patena.

Gaspar aparece correndo.

GASPAR

Tomás, que está pasando aquí?

TOMÁS

Socias.

GASPAR

Tantas? Cando?

EMILIA

Vaites, don Gaspar, parece que os nervios o volven a vostede telegráfico.

TOMÁS

Déronse de alta na última semana.
Mire que ben, a dez pesetas por socia,
por fin imos poder amañar a Sala de
Xuntas.

Gaspar seca a suor e desaparece da vista.

ARTURO

Isto permíteo o regulamento?

Tomás asente.

TOMÁS

É perfectamente legal.

EMILIA

Pero non moi elegante, verdade?

TOMÁS

Queridísima Emilia, se os homes poñen obstáculos tan altos no seu camiño, non me parece impropio que vostede use unha escaleira para superalos.

Tomás inclínase ante Emilia, sorprendida, e entra. Vemos que Arturo e Emilia ollan o un para o outro e diríxense ao interior. Arturo leva a Emilia do brazo.

ARTURO

Xa me contará como deu convencido a tantas señoras...

EMILIA

Unhas foron máis doadas que outras, pero todas viñeron ao meu chocolate.

SECUENCIA 85

ATENEO. SALÓN DE ACTOS. INT./DÍA

Un grupo de mulleres son as últimas en abandonar o salón. Emilia está con Arturo, resplandecente de contenta.

ARTURO

Os meus parabéns, Emilia.

EMILIA

Esta non foi a última batalla, Arturo.



ARTURO

(Rindo) Seica nunca se vai dar por satisfeita?

Emilia mírao e sorrí.

EMILIA

Ande, axúdeme a baixar, que xa non teño a axilidade dos vinte anos. Nin dos trinta. Nin dos corenta... (Ri)
Agora xa podo eu soa.

Emilia para un instante e agora si vemos a sala en toda a súa magnitude, desde a perspectiva de Emilia.

Emilia segue camiñando axudada polo seu bastón. Sobre esta última imaxe, escoitamos o off da secuencia 2.

BEDEL (OFF)

Dona Emilia! Señora Condesa!

SECUENCIA 86

MADRID. UNIVERSIDADE. CORREDOR. INT./DÍA

INTERTÍTULO: MADRID 1916

Vemos os pés de Emilia. Os mesmos pés que vimos na secuencia 1.

BEDEL (OFF) (CONT)

Dona Emilia! Señora profesora!

Desta vez, Emilia si se digna a volverse. O bedel chega ata ela, algo canso.

EMILIA

Que pasa, Venancio?

BEDEL

(Algo avergoñado)
Pois que a mudaron de aula. Asignáronlle a pequena... a Catro B.

EMILIA

(Digna) Que pouca consideración,
facerlle subir tantas escaleiras a unha
señora da miña idade...

O bedel ofrécelle o seu brazo.

BEDEL

Axúdolle eu, señora.

Emilia pon no brazo do bedel a carteira que traía consigo
e xírase para seguir.

EMILIA

Grazas, Venancio.

O bedel queda atónito e segue a Emilia.

SECUENCIA 87

MADRID. UNIVERSIDADE. AULA PEQUENA. INT./DÍA

Emilia entra na aula, solemne. Por máis que esculca, na
aula só ve un alumno, que se pon en pé respectuoso.

EMILIA (CONT)

Mozo, con isto de serme tan fiel,
van pensar que está vostede namorado de
min.

ALUMNO

É que... como a súa materia non é
obrigatoria...

EMILIA

Non se desculpe polos seus compañeiros.
Xa virán.

EMILIA (CONT)

Falemos pois do lirismo na poesía
francesa...

Emilia continúa coa súa clase.

A imaxe de Emilia dando clase coa súa enerxía habitual.
Quere escribir algo no encerado, pero só chega á parte
inferior. Colle un tallo e sobe nel ante a ollada atónita



do seu alumno. Continúa escribindo na parte superior do encerado.

EMILIA (OFF) (CONT)

"Dona Emilia Pardo Bazán foi a primeira muller catedrática de universidade en España, no ano 1916, malia o boicot ao que foi sometida por alumnos e profesores da Universidade. Continuou estudando e escribindo até a fin dos seus días, en 1921".

SECUENCIA 88

TABERNAS. DESPACHO. INT./DÍA

Sobre o bodegón de obxectos aparecen libros e fotos reais de Emilia.

EMILIA (OFF) (CONT)

"Emilia Pardo Bazán foi poeta, contista, tradutora, novelista, dramaturga, xornalista, crítica literaria, editora, profesora universitaria, conselleira de Educación Pública, primeira socia do Ateneo de Madrid e primeira presidenta da súa Sección de Literatura. Pero nunca conseguiu ser membro da Real Academia Española. A primeira muller en ser membro de número da Real Academia Española foi a escritora Carmen Conde... no ano 1978".

FIN

A FIN
ESCALEIRA
DESIGUAL
A CONDESA REBELDE